

TERRA DE OUTES 48

Outubro - Nadal 2019


1€

neste nº

A xurisdición de Muros (XII)
Aspera no camiño (e II)
Novas do mar
Manuel Rama, non Ramos.
Miliciano republicano
O precursor Vitoriano
Programa Xornadas Sociosanitarias
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Suso Xogaina



Editorial

IRRESPONSÁBEIS???

Estes catro son os grandes *irresponsábeis* da política española: **Pablo Iglesias, Pedro Sánchez, Pablo Casado e Albert Rivera**. Hai un principio nas regras de multiplicación matemática que di que a orde dos factores non altera o produto. Pois ben, a orde na que aparecen os catro persoeiros políticos de tan curtas miras tampouco varía o produto: **NOVAS ELECCIÓNS???** Velaí o porqué do título deste editorial.

Responsábel é quen é capaz de render contas de algo que consciente e formalmente sabe que ten que responder das súas decisións ou actos dos que por acción ou omisión é responsábel, neste caso nada menos que perante todo un Estado que lles outorgou esa responsabilidade. **Ningún deles foi quen de cumprir con esa responsabilidade.**

Irresponsábel, pola contra, cualifícase a toda aquela persoa carente de responsabilidade e reflexión. O cidadán debe tomar boa conta disto e actuar en consecuencia? Porque o que en realidade se está a vivir en España, transcorridos cinco meses (si, cinco meses) dende as últimas eleccións xerais do 28 de abril, é un esperpento político de tal calibre que constitúe un gran desatino da elite política que dista moito de estar á altura do Estado Plurinacional (inda que esta definición non estea recollida en ningunha lei) ao que di querer gobernar. Lémbrese que no himno galego si aparece o termo nación. Mentres, comunidades autónomas laíándose pola falla de recursos económicos, outras administracións adianto pagamentos a provedores por só ter un goberno en funcións, os membros desta elite política a cobrar por non facer ren de ren das arcas públicas que acotío enchemos os cidadáns. Da categoría desta elite dan boas mostras os debates ateigados de insultos persoais no Congreso dos Deputados. **E a vivir a pracer, que son tres días???**

Na práctica política as conversas e negociacións entre representantes dos partidos non só son convenientes senón que na maioría dos casos son absolutamente imprescindíbeis, mais sempre que sexan dos asuntos que lles interesan aos cidadáns e nunca sobre o que lles cômpe aos partidos e aos seus dirixentes. **A elite.**

Non se nega que non haxa unha democracia formal, porén non hai ou non se practica unha democracia de achegamento aos cidadáns do común para coñece-las súas dificultades e problemas cotiáns: na sanidade, na educación, nas pensións, na seguridade... En resumo, no seu benestar, e iso que nos denominamos **ESTADO DO BENESTAR**. Vemos a moitos cidadáns moi, moi preocupados polo futuro da súa prole. Pais e nais que traballan arreo, avós empetando o máis posíbel para sustentar a netos no paro e sobre todo vemos a unha elite política cuxa única preocupación son os cargos que poidan acadar e os soldos que estes lles poidan reportar, políticos que en cinco meses non son quen de consensuar nada que repercuta en beneficio dos cidadáns. Porén, que é co que nos atopamos? **CO NADA???**

Faise necesario trocar moitas leis neste Estado, comezando polo recoñecemento dun Estado Plurinacional, de dereitos irrenunciábeis para a cidadanía e tamén dunha elite política que abandone a mentira como instrumento ao seu único servizo.

Por último, como corolario, eis unhas preguntas: Por que non se deixa gobernar ao partido máis votado cando non hai outra alternativa? Por que tanta dialéctica-trampa nos políticos en troques de sinceridade? Por que se antepoñen polos que se definen como servidores públicos os seus intereses partidarios e persoais aos da colectividade? As respostas pertécenlles a Vds. estimados sufridores.

Diccionario xeográfico Xoán Mariño

Acuador. País suramericano que proporciona auga aos seus habitantes para combateren a calor tropical.

Alpes. Cordilleira centroeuropea de onde son os alpinistas, xente que sobe aos pinos.

Atenas. Capital grega de onde son os atenienses, xente que xoga a tenis.

Brasil. País suramericano de onde proceden as *brasileñas*, leña coa cal se fan as brasas.

Hi malaia. Unha forma da letra 'i' que non é latina, nin grega, senón malaia, escríbese con 'h' e dá nome a unha cordilleira.

Latonia. País báltico de onde son os *latosos*, xente molesta.

Marraqueish. Queixo que se elabora con leite de marrá no norte de África.

Pirú. País suramericano de onde proceden os *pirulos*, xente vivaz.

Rei Kiavick. Rei viquingo conquistador da Islandia, en cuxo honor así se chama a súa capital.

San Diego. Cidade californiana consagrada ao "Pelusa" Maradona polos seguidores da súa relixión.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño,

Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

E-mail: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**

Foto portada: Rúa da Vila, anos 50.

**cocina caseira, natureza e
silencio**

o PAPERFEUTOMARIA
cabanamoura

Churrascada de Terra de Outes

No pasado 20 de xullo tivo lugar a churrascada que a nosa asociación organiza cada verán para os seus socios e socias e familiares, de novo ó fresco da brisa do Tambre e á sombra das árbores da área recreativa de Seilán, que a Sociedade Linceo de Noia volveu poñer á nosa disposición.

E, coma sempre, logo de que se consumiron as empanadas e toda a carne asada para os aproximadamente 30 nenos/as e maiores asistentes, durante a sobremesa levouse a cabo a presentación do novo número da revista *Terra de Outes*, labor que correspondeu unha vez máis a Xoán Mariño, quen, en representación do consello de redacción que vén elaborando as súas páxinas dende hai 12 anos, agradeceu o esforzo creativo de tódalas persoas que contribúen a enche-las distintas seccións desta publicación e, sobre todo, o interese dos lectores e lectoras, que cada vez en maior número dan sentido ó noso labor.



Acto no Porto do Son

No pasado sábado, 22 de setembro, dentro das Xornadas de Promoción do Patrimonio Marítimo Tradicional que o GALP e o Concello de Porto do Son organizaron, Xoán Mariño, presidente de Terra de Outes e Xesús Mato, como encargado da sección marítima da asociación, interviñeron nelas para explicar como levamos adiante o traballo de base para a recuperación do patrimonio marítimo de Outes: como se conseguiron as nosas primeiras embarcacións, o bote **Langaño** e a buceta Támara, que se fixo con elas durante estes anos e como, en pouco tempo, se conseguiu non só incrementa-lo noso patrimonio mariñeiro cunha nova buceta, bautizada como Donas, e dúas dornas, que estamos en trámite de arborar e de lles poñer cadanseu nome, senón tamén implicar máis e máis persoas neste labor, tanto en cursos de navegación para xente adulta e estudantes da ESO de Outes e Boiro, coma nunha maior participación en tódalas actividades que levamos a cabo: asistencia cada ano ás xornadas de Muros Mira ó Mar, encontros bianuais de embarcacións tradicionais en distintos portos de Galicia, e incluso de fóra do noso país, como foron os casos de Pasaia e Cartaxena, que á súa vez significa un incremento considerábel de persoas socias para a Terra de Outes.



Homenaxe a Manuel Otero Martínez



No pasado sábado, 17 de agosto de 2019, ó pé do monumento que a Terra de Outes ergueu en honor ás vítimas do franquismo, no Freixo, a nosa asociación rendeu homenaxe, con ocasión do 75.º aniversario do seu falecemento, a Manuel Otero, o combatente republicano natural de Catasueiro (Sabardes) que faleceu no desembarque da Normandía en 1944.

No acto interviñeron Xoán X. Mariño, presidente da A.C.C. Terra de Outes, quen recordou o pasado republicano de Manuel Otero e o seu exilio nos Estados Unidos; Xoán Carlos Hermida, membro da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza, quen explicou ás persoas asistentes como en territorio americano o homenaxeado se alistou para seguir combatendo o fascismo; e Manuel González, o novo alcalde de Outes, quen incidiu na necesidade de seguir combatendo as ideas neonazis que rexorden por toda a Europa.

No final do acto, M.^a Dolores Martínez, sobriña do noso heroe, descubriu unha placa no seu recordo colocada no citado monumento e depositou un ramo de flores ó seu pé, mentres o grupo Jaitas Blues interpretaba o himno galego.

A xurisdición de Muros (XII)

Xoán Fco. García Suárez

Interrogatorio de San Lourenzo: freguesías de San Lourenzo de Matasueiro, San Miguel de Valadares, Santa Leocadia de Intines, San Christobal de Corzón, Santa Cruz de Campolongo e San Xián de Tarás (15 primeiras preguntas)

Dentro da Casa da Audiencia da Xurisdición de Muros, sinalada para a súa operación, a dez días do mes de abril de mil setecentos cincuenta e tres, o Sr. Cecilio Morphi Valle y Silva, subdelegado da Real Única Contribución, precedido recado político e conducente citación para a persoal asistencia de D. Enrique Alfonso del Campillo, cura da freguesía de San Lourenzo de Matasueiro; D. Ramón Antonio Vázquez de Lens, da de San Miguel de Valadares; D. Phelipe Coiradas, da de Santa Leocadia de Intines; D. Pedro Vermúdez da de San Christoval de Corzón; D. Andrés Melchor Recarei, da de Santa Cruz de Campolongo; D. Vicente Valladares da de San Xián de Tarás; D. Francisco Alexandro de Silva, xuíz ordinario desta xurisdición; Joseph Luazes, o seu escribán de número; Manuel de Rioma, Rosendo Vilariño, Miguel Garcia Gallardo, Juan Antonio Gallardo, Bentura Garcia e Francisco Fernández, mordomos pedáneos destas seis freguesías; Frutuoso García, Alexos Vilariño, Eugenio Rodríguez, Manuel Fernández, Francisco Cambeiro e Silvestre de Avelleira, veciños delas, quen a xustiza e mordomos elixiron como peritos dos seus respectivos lugares; Alverte de Antequiera, Juan de Ces, Genuario de Nodal, Angel Piñeiro, Tiburcio de Hermida e Domingo Núñez, electos por parte da S.M., uns e outros como persoas de prácticas intelixentes e facultativas na experiencia de terras, os seus cultivos, cantidades, especies e calidades, e máis que determina o interrogatorio sinalado coa letra A, a quen se lles confía de antemán para a súa maior intelixencia, paso ante min, escribán, a darlle principio. E tras ratificarse os segres no xuramento que eles e non outros prestaron nos autos, e por máis abastamento, tras reiterarlles de novo que dou fe, responden, a cada unha das preguntas do dito interrogatorio cuxo impreso antecede, o seguinte:

1.^a- Á primeira, que as expresadas freguesías comunmente se chaman San Lourenzo de Matasueiro, San Miguel de Valadares, Santa Leocadia de Intines, San Christobal de Corzón, Santa Cruz de Campolongo e San Xián de Tarás: seis das que se compón esta xurisdición e alfoz de Muros, e responden

2.^a- Á segunda, que o señorío xurisdiccional das ditas seis freguesías é do arcebispo de Santiago, en cuxa xurisdición pon xuíz, que o é actualmente D. Francisco Alexandre de Silva. Pon tamén sete escribáns de número, os seis que residen na vila de Muros e outro no alfoz para as cousas tocantes ó goberno político e económico, aínda que tamén entende das demais causas civís e criminais da mesma xurisdición. **Percibe o arcebispo nas freguesías de Santa Leocadia, Corzón, Campolongo e Tarás vinte e dous marabedís de cada veciño por razón de vasalaxe, que lle ascenderán anualmente na de Santa Leocadia a once reais, na de Corzón a cincuenta, na de Campolongo a trinta e catro, e na de Tarás a trinta e seis; todo iso regulado por un quinquenio, sen que saiban o título que para un e outro teñan, ó cal se aparece se remiten, e responden**

3.^a- Á terceira, que a freguesía de Matasueiro ocupa de levante a poñente media legua; de norte a sur, un cuarto de legua; e de circunferencia, legua e media, que para camiñala se precisan dúas horas e media; linda polo levante coa freguesía de San Thorente de Intines; polo poñente, San Miguel de Valadares; norte, Santa Eulalia de Chacín e mediodía, San Pedro de Outes. A de Valadares ocupa, de levante a poñente, media legua; de norte a mediodía, un cuarto de legua; e de circunferencia, legua

e media, que para camiñala se necesitan dúas horas e media; limita ó levante coa de Matasueiro; poñente, Santa Maria de Coiro; norte, Santa Eulalia de Chacín; e mediodía, San Pedro de Outes. A de Santa Leocadia ocupa de levante a poñente un cuarto de legua; de norte a mediodía, outro tanto; e de circunferencia unha legua, que para camiñala se necesita hora e media; linda polo levante coa de Santa Cruz de Campolongo; poñente e norte, Santa Eulalia de Chacín; e mediodía, coa de San Lourenzo de Matasueiro. A de Corzón ocupa de levante a poñente media legua, outro tanto de norte a mediodía, e de circunferencia dúas leguas, que para camiñalas se necesitan tres horas; limita polo levante coa freguesía de San Xoán de Mazaricos; polo poñente, San Martín de Olveira; norte, Santo Thomé de Vaos; e mediodía, San Xián de Beva. A de Campolongo ocupa de levante a poñente, media legua; de norte a mediodía, un cuarto; e de circunferencia, legua e media, que para camiñala se necesitan dúas horas e media; linda polo levante coa de San Pedro de Xallas; norte, San Thomé de Alvite; mediodía, San Thorente de Intines; e poñente, Santa Eulalia de Chacín. A de San Xián de Tarás ocupa de levante a poñente un cuarto de legua, outro tanto de norte a mediodía, e de circunferencia unha legua, que para camiñala é precisa hora e media. Limita ó levante coa freguesía de San Tirso de Cando; poñente, mar; norte, Santa María de Intines; e mediodía, río Tamar¹. E a figura de cada freguesía é a da marxe.

4.^a- Á cuarta, que as especies de terra que se atopan no territorio das ditas seis freguesías son de regadío e secaño, deste xeito: na de Matasueiro atópase hortaliza de secaño, sementeira de regadío e secaño, prados de regadío e secaño, froiteiras, soutos, devesas, toxeiros e xesteiras. Na de Valadares, hortalizas de secaño, sementeira de secaño, prados de regadío e secaño, toxeiros e xesteiras. Na de Santa Leocadia, hortaliza e sementeira de secaño, prados de regadío e secaño, soutos, devesas e toxeiros. Nas de Corzón e Campolongo, hortaliza e sementeira de secaño, prados de regadío e secaño, toxeiros e xesteiras, e ademais disto, na de Campolongo soutos e devesas. E na de Tarás hortalizas de secaño, sementeira e prados de regadío e secaño, froiteiras, soutos, devesas, toxeiros e viñedo. E en todas, montes comúns infrutíferos, sementeira e prados de ámbalas especies. Froiteiras, viñedo e soutos producen sen intermisión unha soa colleita ó ano por non haber sementeira de segunda man, e responden

5.^a- Á quinta, que en cada unha das especies que deixan deposto hai de primeira, segunda e terceira calidade a excepción dos montes e viñedo de Tarás, que son de única, e responden

6.^a- Á sexta, que nas freguesías de Matasueiro e Tarás se atopan froiteiras e que en ningunha das demais os hai, como tampouco moreiras,



Capela de Sta. Leocadia.

oliveiras nin outras das que contén a pregunta, a excepción dos souts e devesas que quedan ditos na cuarta e, tal cal, carballos, castiñeiros ou froiteiras que se atopan dispersos, e responden

7.^a- Á sétima, que as devesas e souts que sexan declarados, como as froiteiras das freguesías de Matasueiro e Tarás se atopan en terras que só serven para este efecto e, polo que respecta ós poucos que hai dispersos e que levan declarado na antecedente, que se atopan polo xeral en tódalas terras, tanto de sementeira coma das demais, e responden

8.^a- Á oitava, que as devesas e souts son os depostos nas antecedentes, aínda que só serven para estas especies, que se atopan plantados confusamente, sen orde, estendidos por toda ela, sen arte nin curiosidade. E canto ás froiteiras ditas de Matasueiro e Tarás, atópanse estas nalgúnhas pequenas hortas, que só serven para froita, aínda que nesta non hai comercio, pois é meramente para o regalo dos seus donos, e polo que respecta ás dispersas que están declaradas, estas están salteadas e espalladas, sen estar en fileiras nin marxes, e responden

9.^a- Á novena, **que en tódalas referidas seis freguesías se emprega a medida de terra co nome de ferrado de centeo, que se compón de doce cuncas, o mesmo ca o de trigo e millo miúdo e ten vinte e cinco varas castelás en cadro, que fan de circunferencia cen varas e, no que ocupa esta medida, seméntanse polo regular nove cuncas de trigo, unha de millo miúdo, tres de centeo e un ferrado de liñaza; que a cada unha destas dúas últimas especies fai o ferrado dezaseis cuncas,** e responden

10.^a- Á décima, que non poden valora-lo número de medidas de terra que hai no termo de cada freguesía, só que teñen as especies e calidades que deixan deposto. Cultívanse e frutifican a excepción dos camiños, eiras e montes baixos, para cuxa verificación se remiten ás relacións dos individuos e dos recoñecementos feitos, conformándose no número que destas dilixencias resultan, e responden

11.^a- Á undécima, que en cada unha destas seis freguesías se collen nas hortas coles galegas. Na sementeira de ámbalas especies, trigo, centeo, millo e ademais delas, na de Santa Leocadia e na de Tarás viño e liño e froita, e esta tamén na de Matasueiro. Nos prados de todas elas recóllense nos souts castañas, e responden

12.^a- Á duodécima, que unha medida de terra de secaño de primeira calidade de cada unha destas seis freguesías, posta a coles galegas, vale un ano con outro reducido a diñeiro dezaseis reais, de segunda doce e de terceira oito, pero non teñen comercio ningún. O ferrado de sementeira de regadío das freguesías de Matasueiro e Tarás e o secaño de tódalas seis expresadas por seren iguais, producen ó ano posta a trigo, cinco desta especie sendo de primeira calidade, de segunda catro e de terceira tres. Sementado de centeo produce catro ferrados de primeira calidade, de segunda tres e de terceira dous, e de millo ten a mesma produción ca de centeo. Sementado de millo miúdo, na de Santa Leocadia de Intines, que polo regular se fai en terra secaña, de terceira calidade produce dous ferrados. E nesta freguesía igualmente ca na de Tarás, sementado de liño que ordinariamente se fai en terra de regadío na de Tarás, e na de Intines na de secaño, unha e outra de primeira calidade dá catro feixes ou lagoreiros de liño, que cada un é o que pode levar unha muller na cabeza, e un ferrado de liñaza, e todo isto cunha prudente regulación e ordinario cultivo, segundo a variedade con que cada labrego acostuma sementa-los grans, sen ter para ningún deles propiedade limitada. Un ferrado de prado de regadío de primeira calidade das ditas seis freguesías ten de valor en diñeiro, pola herba que produce no ano, vinte e dous reais, de segunda dezasete e de terceira once. O secaño de primeira calidade dezaioito reais, de segunda catorce e de terceira nove. Unha destas medidas de terra plantada de viñado das que hai na freguesía de Tarás produce dous canados de viño ó ano. O ferrado de toxeira e xestas de primeira calidade que se corta de tres en tres anos dá cada ano catro carros, e os mesmos dá o de segunda que se corta de seis en seis, e o de terceira, que é de nove en nove. E ós montes comúns, por seren baixos, pedregosos e inútiles de natureza, non se lles consideran utilidade ningunha, e responden



Maravedí de 1746 (Reinado de Fernando VI).

13.^a- Á décimo terceira, que plantada unha medida de terra a carballos dos que deixan declarados nas preguntas seis, sete e oito, sendo de primeira calidade no que entran doce e que se cortan de catro en catro anos, produce seis carros de leña. De segunda entran dezaioito e córtanse de seis en seis, e de terceira no que entran vinte e catro e que se cortan de dez en dez, dan os mesmos carros cada unha. A castiñeiros de primeira calidade produce tres ferrados de castañas, de segunda dous e de terceira un. A froiteiras regulan a súa utilidade reducida a diñeiro en vinte reais de billón ó ano, por ser de ningún comercio, de segunda en quince e de terceira en dez, e responden

14.^a- Á décimo cuarta, que computados uns anos con outros estiman o ferrado de trigo en seis reais, o de centeo en tres, e do mesmo gordo en cinco. O de millo miúdo en dous. O feixe ou lagoreiro de liño verde e en bruto cinco. O ferrado de liñaza en dez. O de castañas en cinco. O canado de viño en doce reais. O carro de toxo en tres reais. O de leña de carballo en cinco. O de xestas ou codesos, que son unha mesma especie, en dous. E para a renda de foros tamén regulan a unha galiña tres reais, a un par de capóns cinco, e o mesmo a un cabrito, a unha libra de la un, a unha porca dez, a un cuartillo de mel catro e outro tanto ó de manteiga, a unha libra de cera oito, e dez a un carro de palla triga

15.^a- Á décimo quinta, que os dereitos impostos sobre as terras das freguesías expresadas son décimo e primicia; **que o dezmo se paga de dez un no que respecta a grans, viño, liño, la, años, cabritos e porcos, e a primicia polos casais antigos; que un e outro se percibe desta maneira: na freguesía de Matasueiro percibe o cura enteiramente décimo e primicia, a excepción do lugar de Lourido, que nel leva a metade soamente dos décimos o mosteiro de San Martiño da cidade de Santiago.** E ademais diso percibe o cura por razón de oblata de cada muller casada e viúva medio ferrado de trigo, e do lugar de Mastontán percibe de cada unha delas medio ferrado de centeo pola mesma razón. Os décimos e primicias da freguesía de Valadares lévanos por terceiras partes o convento de Belvis da cidade de Santiago; don Luis Rodríguez de Otero, presbítero, veciño da freguesía de Santa María de Morlán, provincia de Ourense; e o cura; e este, ademais diso percibe por razón de oblata de cada muller casada medio ferrado de centeo e da viúva tres cuncas. Na freguesía de Santa Leocadia de Intines leva o arcediago de Santa Thasia enteiramente todo o décimo, e de cada muller casada e viúva medio ferrado de trigo por razón de oblata, que aínda que esta a percibe o vicario cura posto polo mesmo arcediago, é para entregarlle a el. Na de Corzón percibe o cura enteiramente décimo e primicia e de toda muller casada e viúva medio ferrado de trigo por razón de oblata. Na de Campolongo tamén percibe o cura enteiramente décimo e primicia, e de toda muller casada e viúva medio ferrado de centeo por razón de oblata. E na de Tarás tamén leva enteiramente o décimo e primicia o cura medio ferrado de trigo e dezaseis maravedís de billón, un e outro por razón de oblata. Percibe tamén a mesa capitular da cidade de Santiago seis cuncas de centeo de cada individuo labrego por razón do voto ó santo Apóstolo. E en orde ás demais pensións remítense ás relacións dos interesados, e responden (continuará).

1. Tamar: evidentemente, río Tambre.

"Aspera" no camiño (e II)

Santiago Llovo Taboada

Capela de Santo Amaro (San Mauro en castelán)

Esta capela estaba no lugar marcado na imaxe que se acompaña (ver foto 1), e non queda nada dela na súa localización orixinal. Unicamente, preto da ponte no lado de Bendimón, existen unhas pedras arrombadas que proceden da cimentación dela, e que foron levadas alí trala ampliación da pista. A capela situábase ó pé do Camiño Real, na parte dereita, onde está a vivenda.



Foto 1. Mapa dos lugares de Bendimón e Aspera.

A súa construción foi ordenada, probabelmente durante os séculos XVI ou XVII, por Xan de Castro, atesourado veciño antepasado do noso informante Manuel Castro Blanco. Non sabemos se se ergueu sobre os restos doutra que existira no mesmo lugar. En todo caso, un documento clave para coñecer a historia desta capela é a escritura que ten por encabezamento "*Fundación que hizo el capitán Juan de Castro Caamaño de la Capilla de San Amaro*"¹, outorgada no día 2 de febreiro de 1695 ante un escribán da S.M. polo mencionado capitán, veciño da freguesía de San Xoán de Roo² e fillo de Xan de Castro. Do documento salientase o seguinte: (...) *que en la feligresía de San Juan de Roo hay una hermita nuestra, de advocación del glorioso*

Foto 2. Recreación do contorno da capela debuxado por Aquiles Gareia.



San Amaro, que está inclusa en el lugar de Bindimón, de dicha feligresía, por fundación de los antecesores del otorgante y otros vecinos, la cual se haya frecuentada por devotos y tiene ornatos, cáliz, retablo y lo más necesario para oficiar los divinos oficios, pero para su conservación se halla falta de medios, y el otorgante ha tenido y tiene vocación y devoción de que se conserve dicha hermita por capellanía perpetua y mediante que no tiene renta fija para poder conservarse (...) dona por contrato (...) las siguientes propiedades (...)". A continuación o documento relaciona varias propiedades rústicas nas parroquias de San Xoán de Roo e San Cosme de Outeiro, por un total aproximado de 150 ferrados de sementeira de pan. Con esta doazón o fundador aseguraba polo menos unha misa mensual na capela e a facultade de nomeamento do capelán titular. Nesta mesma escritura adxudicou a capellanía a Andrés de Castro, probábel familiar seu e "*clérigo de menores y vecino de dicha feligresía de Roo*". Este primeiro capelán sucedérono outros, como, por exemplo, Juan Antonio Martínez, Melchor Sacido e Juan Cernadas, tamén nomeados polos descendentes do capitán Juan de Castro e da súa dona María de Lago, que exerceron de patróns da capela, ata finais do século XVIII en que tiveron preito co arcebispo³.

Cómpre lembrar que ata mediados dese século XVIII non se construíu a actual igrexa parroquial de San Xoán de Roo, e a veciñanza de Bendimón e lugares próximos, de non te-la capela de Santo Amaro, teríase que desprazar ata a antiga "capela do Sino" (sinal da cruz)⁴, que aínda sendo máis pequena, era a parroquial neses momentos.

A capela foi xestionada dende a súa construción por descendentes de Xan de Castro, xa que, amais do achegado para a súa fundación e conservación, estaba situada na súa propiedade, a carón da vivenda familiar de Aspera. O último representante da familia que deu conta dela foi Manuel Castro, de profesión zapateiro e avó do informante, quen ata o seu falecemento a tivo operativa.

Co pasamento de Manuel Castro no ano 1910 a capela de Santo Amaro de Aspera foi esmorecendo, e paseniñamente foron desaparecendo primeiro as tellas e despois as pedras dos muros perimetrais, para seren utilizados na construción de vivendas próximas. Tampouco axudaron na conservación e uso da capela os diferentes párrocos que de vello tivo a igrexa de Roo, xa que segundo parece, non querían "competencia".

Como se apuntou anteriormente, a advocación elixida polo fundador foi santo Amaro⁵, e o día da súa festividade, 15 de xaneiro, facíase romaría diante da capela, no prado que existía ó outro lado do Camiño Real⁶. Falábase antes de que da capela non queda nada, pero realmente a imaxe do santo que estaba no altar chegou ós nosos días, e a súa historia ben merece ser contada.

Cando faleceu Manuel Castro a primeiros do século XX retirouse a imaxe do santo para evita-lo seu espolio, tal e como sucedeu co resto da capela. Primeiro estivo en mans dos Castro, pero despois levouse para Bendimón, para a casa da familia Blanco, de alcume "as Tendeiras". Ó pouco tempo, outro descendente de Xan de Castro reclamou a imaxe e levouna para Muros, lugar para onde casara. Alí permaneceu preto de 100 anos pero, polo empeño persoal de Manuel Castro Blanco, conseguiu dar con ela no faiado dunha vivenda, restaurala e traela para a parroquia de San Xoán de Roo, lugar onde se atopa na actualidade. Moito do mérito teno o sacerdote José García Figueira, "Pepe de Muros"⁷, quen informou do lugar onde estaba a imaxe e convenceu os seus posuidores para que a cedesen gratuitamente.



Foto 3. Imaxe de S. Amaro, na actual igrexa de Roo.

Albergue

A única información de que dispoñemos sobre este inmóbel e os seus usos é a transmitida oralmente. Segundo os nosos informantes este local serviu ancestralmente de albergue de persoas peregrinas e pobres. Así como a súa utilización para acollida de pobres está perfectamente contrastada, o seu uso para persoas peregrinas non se sostén con ningunha información oral ou escrita⁸, nin a edificación nos dá pistas nese sentido. Cómpre ter presente que a peregrinación a Compostela tivo o seu auge na época medieval, pero logo diminuíu o seu uso ata a práctica desaparición na época moderna⁹, para volver recuperala “tradición” na segunda parte do século XX. Pola súa parte, a planta baixa da edificación fainos pensar en que se construíu a finais do XIX ou principios do XX¹⁰, época en que dificilmente pasaban por aquí moitas persoas peregrinas. Non obstante non podemos descartar totalmente o seu uso para ese fin.

Canto ó uso do albergue para acollida de pobres, transmitíronnos detalles que o acreditan e que nos lembran a solidariedade agora practicamente inexistente. **Aínda quedan veciños que recordan os innumerábeis pobres “de solemnidade” que fixeron noite alí a carón da lareira que existía e aínda existe no lugar. No propio local había unha artesa de madeira con pratos, cubertos e potas, para faceren eles mesmos a comida, que en moitos casos lles subministraba a veciñanza.** Do mesmo xeito, esta sempre tiña leña dispoñíbel no local para uso da xente pobre. Da chave do local e da súa xestión encargábase nos últimos tempos unha veciña do lugar chamada

“María da Figueirida”. Na posguerra fixeron moito uso do local unha morea de persoas pobres orixinarias de Escarabote, que co seu saco de fepilleira ó lombo, descalzas ou en zocas, percorrían a bisbarra para escaparen da fame que pasaban nas súas casas. Outro curioso uso que se lle daba ó albergue era o de aloxamento temporal a parellas, “repudiadas” por teren descendencia sen estaren casadas, ou por teren obras na súa casa.

Para rematar estas lembranzas, Manuel Castro Blanco, o noso informante principal, relatounos tamén outro suceso que nada ten que ver con estes catro elementos patrimoniais, aínda que si co Camiño Real que atravesa Aspera. A primeiros dos anos corenta mandouno a súa madriña a apañar un pouco de herba para os animais a un prado que tiñan preto do camiño. Estando na faena, tres homes vestidos con uniformes “militares” moi vistosos que pasaban por alí, chamaron por el e preguntáronlle se sabía dunha “sala de festas”. El, que nunca vira uns uniformes coma eses, díxolles que non sabía o que era iso da “sala de festas”, ó cal eles responderon preguntándolle se había algún sitio próximo onde se celebrasen bailes. El respondeu que non sabía, e que podería que en Noia ou en Muros, pero que, por alí, pensaba que non. Pasado un tempo soubo que eses tres camiñantes eran os compoñentes do grupo mexicano Los Panchos, que coas súas guitarras ó lombo ían procurando a vida por eses camiños de Deus.



Foto 4. Situación actual do antigo albergue de Aspera.

1. Copia deste documento consérvaa a veciña de Roo Priana García Caamaño, descendente de Xan de Castro. Transcrición achegada por Xoán Mariño. O orixinal da escritura atópase no Arquivo Histórico da USC, dentro dos protocolos notariais do distrito de Muros (escribán Domingo Rodríguez de Oreiro).
2. Casou e viviu en Viro.
3. Existe abundante información deste preito e do nomeamento dos diferentes capeláns desta capela de Santo Amaro no Arquivo Diocesano de Santiago, entidade onde está depositada toda a documentación antiga da parroquia de San Xoán de Roo.
4. Estaba situada na parte alta de Roo de Abaixo, en fronte da igrexa parroquial actual.
5. Santo natural de Roma e un dos primeiros seguidores de San Bieito, a quen, segundo a lenda, sucedeu como abade no mosteiro fundado polo patriarca, e como tal é representado, concentrado na lectura do libro da súa orde, mentres se apoia nun bastón en tau, ó redor do cal se enrosca un rosario que leva na man.
6. Fixéronse ata principios do século XX.
7. “Pepe de Muros” foi párroco de San Cosme de Outeiro durante un pequeno período, momento en que contactou con Manuel Castro Blanco.
8. Non aparece a referencia a este albergue no libro *Pobres, peregrinos y enfermos. La red asistencial gallega en el Antiguo Régimen*, excelente traballo escrito por Baudilio Barreiro Mallón e Ofelia Rey Castelao.
9. A que vai dende o descubrimento da América ata a Revolución Francesa.
10. A planta superior é claramente un engadido recente.

Manuel Rama, non Ramos.

Miliciano republicano

Valentina Formoso



Manuel Rama Vidal, naceu en Ribademar, na casa que na actualidade ten o número 14, un 15 de maio de 1913. Foi bautizado co nome de Manuel Andrés, xuntando o nome do avó e do padriño, pero sempre foi Manolo para os coñecidos. Era o segundo fillo do matrimonio formado por Jacobo Rama Gándara (Xacobe), orixinario do mesmo lugar, e Josefa Vidal Filgueira (Pepa), natural do Obre. Tivo tres irmás mulleres: Nieves, a máis vella, emigrada a Arxentina en 1932; Digna, á que lle levaba só un ano e que morreu de tuberculose aos dezasete; e Aurora, a máis nova, nacida en 1918 e que quedou na casa natal con el.

Era carpinteiro, oficio que aprendeu do pai, un home que tiña sona como carpinteiro de ribeira. Segundo as lembranzas, todas de oídas, da sobriña, Manolo dedicouse á carpintería non só de ribeira, pois hai constancia de que traballara por Santa Comba algunha temporada, e alí gamelas non debeu facer.

Traballase na ribeira ou no interior, ao acabar a xornada laboral, reuníase co grupo de "Mansamino da Punta" (Maximino Martínez)¹. Non saben dicir na casa cal era exactamente a súa afiliación política e/ou sindical, pero a súa irmá Aurora contaba que seu pai, a pesar de

ser home declarado de esquerdas, advertíao de que non se significase tanto e que non se liase en manifestacións públicas, segundo a traza que estaba collendo o asunto nos vésperas da guerra. E iso que o señor Xacobe aínda non podía imaxinar que, por el mesmo terse declarado republicano e de esquerdas, pero sen militar en ningún partido, formou parte dunha lista negra que elaborara o daquela alcalde. De feito Aurora contaba como seu pai seica se salvou de ser paseado porque un tal Ramón de Diego, que debía ter algún cargo no concello durante os primeiros anos da guerra, fixo recapacitar o rexedor cunha frase que se transmitiu así na memoria familiar: "Ti que nomes escribiches aí, ho!!! Se todos eses homes son mellores ca ti!!!!" Fose así, ou parecido, o caso é que ninguén veu buscalo á casa.

As advertencias do pai non serviron para que Manuel deixase de participar en todas as reunións do grupo, polo que, tan pronto estourou a guerra, escapou nun dos famosos bous que saíu de Muros o 26 de xullo do 1936 dirección a Bilbao, con outros fuxidos de Muros, Noia e Lousame². **Aínda que quedou rexistrado como Manuel Ramos, el foi un dos tres imputados do concello de Outes, xunto con Maximino Martínez e Adelino Freire (Adelino da Rucha), de "Rebelión e incautación dos vapores Santa Eulalia e Santa Rosa".** Apresáronos e, aínda que librou da morte que lle deron a Maximino (que el debeu presenciar porque contara na casa, anos despois, que fora terrible) acabou nun campo de concentración en Luarca, a onde deron chegado para velo o pai e a irmá que vivía na casa. Contou moitas veces Aurora Rama como, na porta do cárcere-campo de concentración de Luarca, atoparon un matrimonio que buscaba xente que estivera próxima a Muros, onde tiñan un seu fillo preso e alí cordaron un intercambio de atencións para os respectivos familiares. Aurora e mais a nai ían a pé ata Muros, buscallo a roupa para lavar ao tal preso de Luarca e mais levábanlle algo de comer e o mesmo facían os de Luarca co seu irmán Manolo.

A saída do campo de concentración non se sabe como, cando, nin en que circunstancias se produciu. Un informe favorable de alguén da parroquia parece que evitou o seu fusilamento, pero o tempo pasado en Luarca foi moi duro, segundo contou á volta. A única foto que Aurora tiña del, á parte dunha foto de familia de cando eran rapaces, é esta vestida de soldado pero non se sabe cando a fixo, antes ou despois de estar preso no campo de concentración. Todo ese período quedou nunha nebulosa na memoria familiar porque el regresou á casa ao rematar a guerra e recórdano sempre con importantes secuelas psíquicas, moito máis importantes ca as físicas, pois case nunca se mencionaba que

quedara coxo dunha perna pola metralla que lle entrou na cadeira.

Nos primeiros anos da posguerra continuou traballando de carpinteiro e tamén casou. Viviu en Ribademar un tempo e logo marchou coa muller (orixinaria de Orro), o único fillo que tivo o matrimonio e mais unha tía solteira que lle deixara os bens, para A Barquiña de Noia. Non se sabe que aconteceu (algún tipo de represalia?) pero da noite para a mañá amañou os papeis para marchar el só para a Arxentina, deixando o fillo mais a muller atrás. Tense dito que "toleou no barco coas soidades". Non sabemos se foron as soidades o motivo do seu pésimo estado mental durante a travesía, tanto foi que non chegou nin a desembarcar. Foino recoller ao barco a irmá que residía en B. Aires, Nieves, asinando que se ía facer cargo del para que o deixasen saír e tamén foi ela quen o internou no hospital neuropsiquiátrico Borda. Pasou alí unha temporada moi grande onde lle diagnosticaron traumas importantes relacionados coa guerra. Ela levoulle comida e cariño durante unha grande temporada, ata que se recuperou.

Unha vez en activo, Manolo traballou de carpinteiro sempre no sector naval ata a súa xubilación. Estivo en diferentes empresas, entre elas os asteiros Doderó, e formou parte do Sindicato arxentino de obreiros navais. Residiu en Buenos Aires coa muller e o fillo (a quen reclamara nunha data incerta, a súa irmá Nieves), pero nunca foi un matrimonio feliz. Unha vez retirado e só, pois a muller e mais o fillo xa regresaran a Galicia, foi vivir a Itzaingó, a unha quinta que tiña alá o cuñado da súa irmá Aurora. As fillas deste aínda o lembran perfectamente como un home culto, tranquilo e ao tempo atormentado, cualificado polo pai delas como "enfermo da guerra". Tamén aseguran que neses anos na quinta, onde vivía coa única compañía dun cabalo e varias galiñas, escribía poesías sobre a guerra e a represión. E escribindo nunha mesa do xardín chegoulle a morte en 1986. No certificado de defunción consta "paro cardíaco non traumático" o 9 de outubro do devandito ano, día que calcularían que deixou de alentar mentres escribía, porque o atoparon varios días despois.

Chorou moito Aurora cando chegou a carta coa noticia da morte do irmán, aquel a quen non perdera a esperanza de volver ver, a pesar dos máis de 40 anos separados por un océano. E puxo loito por quen provocara a viaxe máis longa e máis dolorosa que ela fixera na súa vida: ir e volver a Luarca.

1. Destacado dirixente anarquista de Ceilán. Ver revista *Terra de Outes* nº 3.

2. Ver revista *Terra de Outes* nº 15.

Que está pasando no mercado de traballo galego

Adrián Dios

É curioso como nos últimos tempos o debate público mudou enormemente os seus temas centrais. Hoxe en día acendémolo televisor ou poñémola radio e o máis probábel é escoitarmos faladoiros sobre a (non) formación do Goberno, cuestións de política internacional (como o Brexit ou a “inestabilidade” na Italia) ou, por suposto, os últimos movementos do Barça para recupera-lo neno mimado Neymar. Se queda algo de tempo, igual tamén escoitamos sobre a situación de emerxencia climática do planeta ou a crise de persoas refuxiadas na Europa, aínda que isto xa é moi secundario. Por incríbel que pareza, pouco se fala xa de economía.

Se miramos tan só tres ou catro anos atrás tódalas portadas se inundaban de información económica: a prima de risco, o límite de déficit, a precarización laboral, o descenso do PIB, as variacións do IPC... Tanta información económica que até miña avoa podería ter sacado unha licenciatura en Economía con 85 anos. Pois ben, hoxe en día parece que todo iso xa non existe.


Imos tratar de falar dun tema fundamental na vida das galegas e galegos, que continúa sendo unha das nosas principais preocupacións, pero que está fóra dos focos: o mercado de traballo. Nos últimos tres anos asumíuse que estabamos a vivir unha suposta recuperación económica, basicamente porque o PIB comezaba a medrar de novo. Como xa medramos, todo volvería ir ben e seríamos felices como o eramos en 2005, burbulla inmobiliaria mediante. Parecía que en 2020 volveríamos poder crítica-lo mileurismo e pensar en mercar unha casa cunha hipoteca a 35 anos sen ningún problema. Obviamente, esa non é a situación actual.

O certo é que dende os medios de comunicación e dende a Xunta se proxecta unha serie de ideas sobre o mercado de traballo galego que son, cando menos, terxiversa-la realidade. Imos ver por que. En primeiro lugar, a idea forza do Goberno é que o paro está caendo, polo que todo vai ben.

Esta é unha realidade a medias, porque se queremos sabe-lo que pasa no mercado de traballo o importante non é se sobe ou baixa o paro, senón se sobe ou baixa o número de persoas con traballo. Que baixe o paro pode significar que máis xente ten traballo, pero tamén pode significar que hai xente que sae do mercado de traballo (por exemplo porque se xubila ou deixa de buscar traballo para estudar) ou, o que é peor, que emigra. É dicir, que pode baixalo paro por *desánimo* ou *emigración*, e non porque creamos emprego.

Na seguinte gráfica veremos que tanto a miña explicación coma a da Xunta parecen cumprirse: a poboación parada baixa máis do que sobe a poboación ocupada, o que quere dicir que estamos perdendo xente polo camiño. En paralelo, a noticia *positiva* é que dende o ano 2015 a tendencia é positiva: cada vez hai menos paro e hai máis emprego. Hurra!

Agora imos ver onde está a trampa de todo isto. Para contar unha persoa ocupada, simplemente temos que contar alguén que asina un contrato.



Fonte: EPA


*A poboación ocupada mídese no eixo da esquerda (algo máis dun millón de persoas ocupadas), mentres que a parada se mide no da dereita (algo máis de 175.000 persoas paradas).

É dicir, que conta igual unha persoa que asina un contrato indefinido a tempo completo cobrando 4.000€ ó mes que un rapaz que asina un contrato a tempo parcial para 2 semanas cobrando 420€. E aquí é onde se aprecia a gran mentira da Xunta, cando nos di que o emprego medra: o que está pasando non é que haxa máis xente traballando, senón que os traballos están *esnaquizados* e agora hai máis xente traballando, pero menos horas e cobrando menos.

Para demostrar isto imos empregar dous datos que son moi importantes para analiza-lo mercado de traballo, pero de que curiosamente nunca se fala no debate público: o número de contratos e o número de horas traballadas. É dicir, cantos contratos se asinan ó ano e cantas horas traballan en total tódalas persoas traballadoras na Galiza.

Como vemos na segunda gráfica, confirmase o

escenario negativo: se ben o emprego medra, as horas traballadas non o fan, están totalmente estancadas. É dicir, contratamos máis xente, pero o volume de traballo non aumenta, simplemente porque se buscan contratos máis precarios. O segundo dato confirma esta situación: mentres as persoas ocupadas case non medran e as horas de traballo son as mesmas, o número de contratos aumentou un (ollo!) 60%! Isto é debido a que hoxe en día se asinan moitísimos contratos temporais (que poden durar semanas ou mesmo días) e moitísimos contratos a tempo parcial, porque sae máis barato ter varias persoas traballadoras precarias que unha traballando fixa e con boas condicións laborais. E así é como mudou o mercado de traballo nos últimos anos. A isto chámase precariedade, e significa que podes traballar pero ser pobre ó mesmo tempo.



Fonte: EPA

Horas traballadas: en millóns de horas. Ocupados: en miles. Contratos rexistrados: eixo dereito.

O precursor Vitoriano

Xosé Carlos Gz Anhón

En setembro de 1974, Richard Nixon acababa de deixar a Casa Branca por un escándalo no servizo, entendiamos nós. Como Clay anteriormente, Ali estaba a punto de se volver pregoa-lo máis grande. A RFA gañara o mundial da RFA. Na Inglaterra e máis reinaba a xa veterana Isabel II. E o franquismo, con Franco aínda, seguía.

En setembro de 1974, o colexio do Cunchido comezou.

Nese primeiro curso só fímonos os nenos e nenas da zona da Serra, quizais como unha experiencia piloto para veren, sen arriscaren o futuro do concello enteiro, se resistiamos as inundacións polas enchentas do Tins. No primeiro día dese primeiro curso recibíunos radiante don Manuel Canay, flamante director.

-Bienvenidos al Colegio Nacional Mixto Comarcal de Sierra de Outes. Sed conscientes de la suerte que tenéis por estar ahora mismo en el colegio más moderno de Europa.

Todas e todos comprendiamos que estaba a esaxerar, claro. Como ía se-lo da Serra o colexio máis moderno da Europa, co cativa que era A Serra e o grande e importante que era a Europa? Sabíámolo de certo pola Eurocopa das Nacións e o festival da Eurovisión. Non se nos podía enganar niso.

Ben, polo menos tiñamos claro que iso era un colexio. Canto ó de mixto, si, ó colexio íamos nenos e nenas, mais segundo os cursos separaríannos ou xuntaríannos, como xa viñan facendo antes. O de nacional aínda non imaxinabamos discutilo daquela. O de comarcal non o imos discutir agora. E agora o de Sierra daría para unha clase sobre despropósitos.

O seguinte que dixo don Manuel xa nos pareceu máis razoábel e interesante, especialmente, daquela, ó subconxunto masculino.

-Sabéis que aquí al lado están construyendo el nuevo campo de fútbol. Pues bien, habrá una puerta pequeña que lo conectará con el colegio y así podréis ir a jugar ahí. Pero no se lo digáis a nadie.

Iso si que facía sentido, si. En cursos pasados xogabamos sen problemas partidos e rebumbios no campo de fútbol do Bosque, situado tamén ó lado das escolas, mais o campo novo xa eran palabras maiores. Ese si que ía se-lo máis moderno, se non da Europa, polo menos da Liga da Costa e máis alá, máis aínda ca o de Noia, que era o que tiña algo de herba; e nós teriamos unha porta secreta para irmos xogar nel. Si, parece que o de nos mudarmos para o colexio fora unha boa idea, despois de todo.

O noso grupo, entón no quinto curso (aí chamado nivel) da logo mítica EXB, apenas tivera contacto anteriormente con Canay. Mais no colexio xustificáranos-la sonda de mestre extraordinario, homenaxeado nese mesmo tempo e lugar, con algunhas clases maxistras de verdade, nas cales non podiamos deixar de atender ó que nos contaba. E sobre temas tan diversos coma o misterio da Trindade ou o conflito do Sáhara Occidental, que nolo resumiría deste xeito:

- España, como en otros lugares antes, hizo del Sahara una tierra próspera y proporcionó a sus habitantes el castellano y una educación completa. Por eso ahora, cuando España les preguntó

qué querían ser en el futuro, respondieron: "Nosotros queremos seguir siendo españoles". Pero tuvimos que decirles que no puede ser, porque España ya cumplió ahí su misión y gracias a eso ya están preparados. Entonces dijeron: "Pues entonces, no queremos depender de ningún otro país". Y así, España los protege ahora para que formen un país nuevo. Pero Marruecos y otras naciones quieren aprovecharse de la obra que hizo España para quedarse el Sahara para ellos.


Despois destes argumentos indiscutíbeis, toda a clase acabamos preguntando como había que facer para entrarmos no Polisario.

Canto á Trindade, a conclusión era que non tiñamos que perderlo tempo tentando resolverlo misterio, pois nin sequera santo Agostiño fora quen, e máis fácil sería contármolo-grans de area da praia ou pasarmos toda a agua do mar a un burato. Recoñecer iso foi moi positivo para nós, pois permitiunos empregarlo tempo de aí en diante, durante moitas clases do colexio, en resolvermos outros misterios máis mundanos, tales como a localización de barcos secretos ou os segredos das cruces e os ceros para poñermos tres en raia.

Un día deses primeiros tempos no colexio convocáronnos para unha clase de música na aula de audiovisuales. Era esa unha palabra que non coñeciamos antes. A palabra aula. O sitio onde se daban as clases sempre fora, para nós, unha escola, sen máis, fose no Bosque con don Eladio, dona Fina ou don Gonzalo, ou fose na propia casa de dona Rosa. Mais agora había multitude de aulas, e cada unha coa súa porta de correr. Moito despois saberíamos aínda máis: que, en galego, a palabra aula tamén pode referirse á propia clase impartida. Canto á outra palabra, audiovisuales, estabamos na certeza de que nin sequera sería unha palabra de verdade, senón un nome inventado por don Manuel ou alguén do seu grupo da dirección para que soase moderno e europeo: aula de audiovisuales, é ou non é moderno?

Xa na aula de audiovisuales fixo a presentación don Gonzalo, mestre marcador de esternocleidomastoideos; á parte de alcalde, flamante tamén, con quen Outes viraría sen dúbida.

Sinatura (1975) de D. Manuel Canay, primeiro director do colexio



-Para impartirles a ustedes esta clase de música inicial, está con nosotros el señor Victoriano.

Realmente, a presentación sobrava para a maioría de nós. Coñeciamos ben Vitoriano, pois, ademais de se-lo pai do inimitábel malia que sempre imitado Joseíño de Isabel, era quen nos amañaba as bicicletas no taller que tiña xunto á casa dos poetas, na costa de Cachaia.

-Bos días. Para arrancarmos, imos ve-la escala musical.

Quedamos coa boca aberta, mirándonos entre nós, non polo que Vitoriano dixo senón por como o dixo. Un mestre falándonos galego! Nunca tal se vira.


Claro, iso é o que pasa por mandar un amañador de bicicletas a poñer escola. Se cadra non sabe que para dar clase hai que falar castelán. Se cadra nin sabe falar castelán. Está ben que falemos galego no taller, pero unha cousa é que nos diga que *hai que endereita-la roda de diante* e outra moi diferente que nos fale así nun colexio nacional mixto comarcal. Quen ía crer agora que eramos un colexio europeo e moderno? Que vergoña!

Si, ó mirármonos tres ou catro entre nós coa boca aberta deducimos que o sentimento de vergoña allea debía de ser xeral na *aula de audiovisuales*. Non podía ser doutro xeito.

Non foi ata tempo despois, xa nós en sétimo, que un docente profesional nos daría as aulas en galego. Don Manuel Otero díxonos entón que o matinara, mais que o vía desapropiado por estaren os libros en castelán. Pola contra, don Henrique Martínez actuou de solista e deunos en galego, si, todo o curso de Lingua Española cos libros en español. Quedaban aínda anos para a materia de galego, que nós non veríamos xa.

Así a todo, foi Vitoriano Romero, Vitoriano de Fermín; paragüeiro e mecánico en Boel, futbolista no Cotro de novo e seareiro do Outes de vello polos campos de terra da Costa, pescador de anguias no Vao, de brandys no bar e de vidas no hostel, vivía na guerra e músico na paz, emparentado con Añón precursores por afinidade e con docentes Romero por consanguinidade; quen *fixo de precursor da docencia en galego e, un día na aula de audiovisuais, impartiu a primeira aula en galego do Colexio Mixto Comarcal da Serra de Outes e, talvez, a primeira aula en galego das terras de Outes en toda a historia da Europa.*

Vitoriano, de mozo, primeiro pola esquerda, co grupo de gaitas Os Rúas (arredor de 1925)



Tapa do boletín de notas do colexio da Serra (1978)

Honores logo para o gran Vitoriano!

En xuño de 1978, Jimmy Carter estaba na Casa Branca sementando cacahuetes, entendiamos nós. Non Clay definitivamente, Ali outra vez non se podía pregoa-lo máis grande, temporalmente. A Arxentina gañaba o mundial da Arxentina. Na Inglaterra e máis reinaba a aínda veterana Isabel II. E o franquismo, sen Franco xa, agachábase para seguir máis *campechano e preparado*.

En xuño de 1978, o colexio do *Conchido* (pronuncia *moderna e europea*) acababa para a maioría do noso grupo.

Realmente non destacamos por acertarmos en case nada do que pensamos neses anos atravesados por Abba, Heidi, Starsky-Hutch e Fofó. Canay non esaxeraba, obviamente, cando dicía que estabamos no colexio máis moderno da Europa, polo menos aquel día. Pola contra, cando nós marchamos non remataran aínda de construí-lo novo campo de fútbol e, por suposto, nunca puidemos pasar por ningunha porta secreta para xogarmos nel. O Sáhara, ou Sahara como dicía don Manuel, viu os indiscutíbeis argumentos españois daren a volta axiña e hoxe segue a ser case tan pouco independente coma a Galiza, aínda que polo menos alá si que queren.

Cando Vitoriano morreu, unha banda de música tocou no ateigado cemiterio de Outes. Por tódolos curruchos xurdían voces murmurando que nunca tal se vira.

E, malia que hoxe en día moita xente, nenos e nenas tamén, segue a crer que o galego non debería usarse xa nin para *reparar bicis*, nós, canto a aquela primeira aula en galego na cal sentimos vergoña allea por Vitoriano, ó lembrala seguímola a sentir, si, mais a vergoña, agora, é vergoña propia.

Entrevista a...

Suso Martínez Moledo "Xogaina"

Suso Xogaina naceu en Serantes (San Cosme) en 1959. Os seus primeiros estudos realizounos no colexio do Cruceiro de Roo e ós 13 anos foise face-lo 1.º ciclo da FP á Universidade Laboral da Coruña. En 1980 casou coa súa moza de Noia, a onde foi vivir, e na actualidade desempeña alí as súas actividades relacionadas coa fotografía, o vídeo, o deseño e a promoción turística e comercial.

Fálanos dos teus inicios laborais.

Pouco antes de contraer matrimonio empecei a desempeñar labores de topografía para a empresa Hispanoalemana de Construcciones, que naquela época estaba botando os alicerces da estación de vixilancia aérea do Iroite. Ó acabar, a construtora propúxome seguir traballando para ela, pero como o emprego comportaba trasladarme, renunciei a el para montar unha granxa de coellos en San Cosme. Ó cabo dun ano vendín a instalación para montar unha tenda de deportes na Serra que se chamou Xogaina, nome que me acompañou xa para sempre.

E cando se produciu o salto á fotografía?

Na traseira da tenda de deportes montei un estudio de fotografía para satisfacer unha afección que tiña dende pequeno, cando un tío que tiña en Venezuela, nas súas visitas, me deixaba usa-la súa cámara para facer fotos. Xa na Coruña fixen algúns cursos de fotografía e cando traballei no Iroite tamén tomaba imaxes da obra por encargo da empresa. Pouco a pouco o negocio da Serra pasou a ser só de fotografía e xa despois, cara a 1984 ou 85, abrín outro estudio en Noia, na rúa Cega, que anos despois trasladei ó Cantón, cando pechei a tenda da Serra.

Pero non te convertiches nun fotógrafo convencional.

Efectivamente, nunca me limitei ó que se pode chamar reportaxe social (vodas, comuñóns, bautizos...), posto que dende o principio comecei a facer tamén fotografía publicitaria. Primeiro para o Hotel Araganey, polos anos 1985 e 86, cubrindo os actos que había no hotel: exposicións, conferencias, actuacións... e logo contribuíndo a poñer a anda-la produtora de vídeo que o propietario do hotel pretendía poñer en marcha. Isto permitíume entrar en contacto coas axencias de publicidade Man, de Santiago e Arxila, de Lugo, coas cales fixen os meus primeiros traballos de publicidade.

Enseguida asumín a revolución dixital, e fixen un posgrao de "Fotografía digital y tratamiento de la imagen" na universidade de Valencia.



Con elas, ademais, chegou a adicación á promoción turística, non?

Pois si, **con elas fixen a primeira campaña de promoción do turismo rural que se fixo en Galiza, dirixida ós Ancares e despois outra á Ribeira Sacra, logo ó queixo do Cebreiro.** Tamén fixen spots publicitarios e o primeiro vídeo de promoción turística de Noia, no ano 2010.

E tamén outras campañas menos comerciais.

Tes razón, pasei a traballar coa Fundación Barrié, a Deputación da Coruña, a Fundación Caixa Galicia, a Dirección Xeral da Política Lingüística e o Consello da Cultura Galega, ocupándome da parte fotográfica das Letras Galegas dedicadas a Luís Pimentel, en 1990. Neses anos empezaba a revolución dixital no mundo.

Non faltan tampouco experiencias co deseño.

Non, un apartado destacado da miña produción é a cartelaría; os máis coñecidos son os meus carteis para as festas de San Marcos, de San Bartolomeu ou as feiras medievais de Noia. Tamén para as Xornadas de Historia de Noia, nas cales ademais estou moi implicado na súa organización e presentacións de imaxes das diferentes charlas ou presentación dos libros do meu amigo Xerardo Agrafoxo.

Falando de libros, tamén tes ilustrado uns cantos, non si?

O primeiro, se mal non recordo, foi a *Guía turística de Outes*, de Xoán Mariño, en 1994; o segundo, no mesmo ano, foi *San Martín de Noya. Sus instrumentos musicales*, do P. López Calo publicado polo Liceo de Noia e o Consello da Cultura Galega. Logo a Editorial Monterrey interesouse en min para sacar unha colección de libros de cidades e vilas de Galiza, facendo unha comparativa de fotos dos anos 30 e 40 con imaxes actuais. Chegáronse a facer 16, entre eles os dedicados a Noia, Muros e Santiago.

No ano 2001, por encargo de Clodio González fixen a reprodución da obra gráfica para o libro *Cousas da vida*, no *Faro de Vigo*, de Castelao, para o Consello da Cultura Galega e a Fundación Castelao. Para o mesmo Clodio fixen as fotos do seu libro *La Iglesia y el Cementerio de Santa María a Nova de Noia*, editado pola Deputación da Coruña, no ano 2003. Seguiulle, no mesmo ano, *Noia. Ribeiras de mar enxoiro*, da Sociedade Liceo. Despois, en 2007, a maqueta e as fotos do libro *María Mariño. Retrato dunha*

vida, de Xerardo Agrafoxo, publicado polo Concello de Noia, e en 2008 *A indumentaria tradicional galega. O traxe de Muros*, tamén de Clodio González, publicado a todo luxo pola Deputación da Coruña e que presentamos el e mais eu na Serra, invitados pola asociación *Terra de Outes*. Os últimos foron tamén colaboracións con Xerardo: *O Portus Apostoli na ruta xacobeá*, en 2017 e *Historia de Noia*, en 2019; encargueime en ambos do deseño, da maqueta e fotografía.

O PORTUS APOSTOLI

O teu labor na promoción de Noia como *Portus apostoli* merece lugar destacado na túa traxectoria persoal

Así é. Dende hai xa case dez anos estou involucrado na promoción do *Portus apostoli*, campaña con que se pretende logra-lo recoñecemento da ruta Noia-Santiago como camiño xacobeo integrado nos itinerarios oficiais.

Como comezou esta campaña?

Empezou coa recompilación de toda a documentación histórica por parte dos investigadores noieses Xerardo Agrafoxo e Pedro García e a creación dunha marca identificativa, *Portus apostoli*, ‘porto do apóstolo’, tomada da carta fundacional de Noia do ano 1168, en que o rei Fernando II designa Noia de tal forma.

Un labor que se converteu en empeño persoal.

Nese momento iniciouse un teimudo labor, tanto profesional coma persoal para que sexan recoñecidos pola Xunta os méritos de Noia como camiño de peregrinación.

E como se desenvolveu?

Unha vez recollidos os datos históricos había que dalos a coñecer, para o cal se buscou o apoio do Concello. Este, a través do seu concelleiro de Cultura, Xosé Pérez, asumiu, de forma incondicional, as nosas propostas, e puxo tódolos medios para levar adiante exposicións, publicacións de libros, folletos, espectáculos de danza e multimedia, promocións en radio e prensa, *videomapping*, charlas en colexios, institutos, público en xeral e incluso no estranxeiro, como foi a conferencia no Instituto Cervantes en Roma, co obxectivo de que Noia e o seu porto sexan declarados oficialmente parte dos Camiños de Santiago.

Neste sentido, un fito destacado foi a celebración do 850º aniversario da fundación de Noia, non?

Penso que si. A implicación do Concello e a presenza do presidente da Xunta nos actos déronlle unha gran

cobertura ó proceso. En particular, a intervención de Núñez Feijoó na inauguración do monumento conmemorativo instalado na Porta da Vila tallado por Alberto Rodríguez e que eu deseñei a partir de motivos xacobeos espallados por toda a vila.

Algunha idea máis que teñas en mente?

Eu propoñería cambia-la denominación á Feira Medieval que se celebra tódolos anos, e que na actualidade xa ten o apelativo de *Portus apostoli* e que incorpora espectáculos relacionados coa peregrinación a Compostela, como é a viaxe dos navíos ingleses dende Darmouth que tivo lugar en 1147, pola de Feira Gremial, que é un elemento que identifica máis Noia.



Vaia, vaia!!

Xa pasaron máis que raspados os 100 primeiros días de graza para o novo goberno municipal, un cento de días nos que non hai moito que dicir que poida causar pesadelos de cranio ou algo parecido... O trío que lles relata unhas liñas parecidas cada tres meses non viu nada ata o de agora fóra do transcorrer diario dun goberno que está aprendendo onde están as cousas, onde se busca isto e o outro... pois foron moitos anos na poltrona e con siglas que para o caso coma se fosen a mesma... Chupar do teto, para entendérmonos.

Esperemos que os actuais responsables de administrar o concello non lles dea por facer o que fixeron os anteriores mandatarios de enchufar a todo quisque afín, *coleguitas, hijas-os de mi amigo del alma* etc. *cuánto tiempo... y tú más!!*, pois se non estariamos na mesma situación de poñelos a caer dun burro un a un, sen maiores contemplacións, e por de seguro! Moita xentiña que amarrou un posto de traballo para toda a vida laboral daquela maneira... E aí seguen a cobrar do Estado, pois non se lles incha a cara de vergonza... Só faltaría sinalalos pola rúa... só iso! En fin, non é algo que só pase en Outes; en todos os lados... todos.

Tampouco deberiamos esquecer as esmolos por “dedo amigo”, revestido todo cunha áurea de legalidade, *ay, amigo mío del alma...* canto cartiño *por los viejos tiempos y por tu estimable amistad*. Apertas! Cacicadas e máis cacicadas... Aqueles tempos de poñer a caer dun burro a don Manuel e despois: ola, don Pepito, ola, don Manuel!! Eh!?

Tamén algo que se escoita por aí, nas rúas, que o goberno tería que indagar nas formas de levar a cabo contratacións de persoal da piscina municipal, como vai o tema, cal é a situación laboral dos empregados da mesma, que pasa aí... Hai moitas preguntas sen respostas, e hai que buscalas!! Hai que dar caña, pero caña construtiva, que non se malinterprete a fraseciña... Preguntar sobre moitas cousas, pois foron moitos anos gobernando e facendo o que lles daba a gana sen ter quen lles tosesen... pois era todo deles... **E agora é cando ten que verse un cambio no talante... preguntar sen medo e que contesten clariño sobre cuestións que o cidadán quere saber como se fixeron, cando se fixeron e quen interveu... Todo clariño, eh!? E con boa letra...** Como debe ser, e punto!

Das persoas que desempeñan o noso goberno local, nada malo que dicir, pois parece que mostran bo facer e disposición cos veciños. Non se aprecia descontento, e iso é bo. Para empezar, suficiente!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Repetimos. No concello din propietario descoñecido... e quen limpa o silveiral??

ASÍ TAMPOUCO ...



Para que será ese tubo enterrado na Praia de Broña... para que?

NIN DE COÑA...



Na Praia de Broña temos duchas, fonte... e lavapés?, e servizos?, para cando?

A novena película de Tarantino

Alba Calo Blanco

As películas dun director pódennche gustar máis ou menos, pero cando un ten unha carreira coma a de Quentin Tarantino hai que ter tamén en conta o seu papel e influencia na historia do cine ademais do subxectivo dos gustos.

No pasado 15 de agosto estreouse a súa novena película, *Era unha vez en Hollywood*, que conta cun elenco da calidade de Brad Pitt, Leonardo Di Caprio e Margot Robbie, entre outras. O seu contexto é o Hollywood de finais dos 60, unha etapa de cambio na industria do cine. Os seus protagonistas son Rick Dalton, un actor que tentará adaptarse a este cambio, o seu dobre e a actriz Sharon


Tate, cuxa trama paralela, baseada en feitos reais, acabará uníndose á dos outros dous personaxes.

Para un espectador normal a película pode acabar parecendo lenta e mesmo algo estraña, sen sentido, e aínda que non é necesario ter ningún coñecemento previo para desfrutala ou odiala, a proxección é moito máis interesante se se ten en conta o carácter posmodernista do filme.

O cine posmodernista rompe coas convencións do que foi o cine ata entón, supón ir máis alá, xoga coa persoa espectadora buscando unha reacción pola súa parte, o que recibe o nome de *estética da recepción*. Para isto utiliza unha serie de recursos –que Tarantino domina e non dubida en usar na súa nova obra– como a ruptura da estrutura temporal clásica por medio de numerosos *flashbacks* e outros xogos de temporalidade, a mestura de xéneros, a relativización moral con respecto ós personaxes, a nostalgia polo pasado, a aparición do sexo e a violencia –tan peculiar en Tarantino– sen censura, e a ruptura cos grandes relatos para dar paso ás pequenas historias do cotián, buscando outra forma de narrar distinta da tradicional.

Podedes atopar as características máis importantes do cine posmodernista na rede, pero quizais as que máis interesantes resultan son a intertextualidade e o metalingüismo, que teñen un papel moi importante en *Era unha vez en Hollywood*. A intertextualidade neste caso ten que ver coa escena poscréditos do final, por exemplo, na cal podemos ver un anuncio de Rick Dalton para unha marca de tabaco, que resulta se-la mesma marca que fuman tódolos personaxes das películas de Tarantino. O metalingüismo, pola súa parte, xorde neste caso debido a que estamos vendo unha película que fala sobre cine, e ó mesmo tempo, durante a proxección podemos ver diversos fragmentos doutras películas do protagonista.

Se ó saídes do cine non podedes decidir con claridade se a película vos gustou ou non; se pensades nela nos días seguintes debido a que tentades darlle sentido a todo o ocorrido, é que cumpríu co seu propósito. Tarantino busca un público espectador activo que lle siga o xogo. Se non estudaches nada de cine, poderás darte conta de que ás veces resulta interesante informarse acerca dunha película antes ou despois de vela, e descubri-lo seu fondo e todo o que nel se agocha.



LECTURAS RECOMENDADAS

O hibisco púrpura.

Chimamanda Ngozi Adichie


Rinoceronte Editora, 2017

O hibisco púrpura é a primeira novela da nixeriana Chimamanda Ngozi. En canto rematei a súa lectura, decateime de que, ademais de me atrapa-lo relato, tamén tiven a necesidade de investigar e coñecer a vida desta autora africana.

Un repasiño pola biografía de Chimamanda. Naceu en 1977 na Nixeria. Ós dezanove anos, grazas a unha bolsa, estuda Comunicación e Ciencias Políticas en Filadelfia. Fai un mestrado en escritura creativa na universidade John Hopkins de Portland. Ten publicadas tres novelas e un libro de relatos. Na actualidade vive entre a Nixeria e os Estados Unidos impartindo talleres de escritura e dando conferencias.

O hibisco púrpura é unha historia de reivindicación feminista, contra a intolerancia, a favor dos dereitos humanos, e contra o uso violento e autoritario instalado non só na sociedade nixeriana, senón en calquera parte do mundo, porque a mensaxe da autora é clara: compromiso co xénero feminino e mostrar outra cara de África fóra de estereotipos. A violencia, a falta de dereitos e a imposición machista no desenvolvemento vital das mulleres son lacras universais que a autora trata nesta novela.

Neste sentido, tamén é moi recomendábel un libríño de tan só



cincuenta follas titulado *Todos teríamos que ser feministas* e que vén sendo a revisión dunha conferencia que Chimamanda deu en TEDxEuston, un simposio anual centrado en África. Fago mención a esta publicación atendendo a razóns obxectivas. Chimamanda é unha autoridade canto a feminismo e, en concreto, á realidade en África, e iso nótase no relato da obra que hoxe nos ocupa.

A novela sucede na Nixeria, trala guerra civil e despois dun dos seus golpes militares. *O hibisco púrpura* é un relato *in crescendo*. Está narrado en primeira persoa e conta

a historia dunha “encantadora” familia, a da protagonista Kambili, que vive unha infancia tranquila mais inquietante, o paso pola universidade onde atopa a liberdade e o paso da adolescencia á madurez, onde a espera o desastre final. Todo vai pasando de xeito que o relato nos evoca sensacións cada vez máis intensas, aumentando a intriga, mesmo a angustia que se vai palmando nun relato tan fluído que se intúe, ata chegar ó clímax final.

A historia de Kambili complétase principalmente con outros dous personaxes impactantes á vez que totalmente contrarios: a tía Ifeoma, profesora universitaria (se cadra unha alusión da autora a si mesma?) que transforma a vida da moza e cultiva hibiscos púrpura. E o personaxe do pai, un prestixioso director de periódico, fanático católico, enfrontado ó réxime militar que opera na Nixeria, pero que aplica coa súa familia unha autoridade desmedida e cruel. El cultiva hibiscos vermellos.

O hibisco púrpura é unha moi boa opción de lectura, tendo en conta que a súa autora, Chimamanda Ngozi Adichie, é un fenómeno literario, a pesar de ser nova, muller e nixeriana. Esta é unha recomendación literaria coa intención de saír fóra do noso contorno e pasear por ese outro continente, próximo a nós pero con moito por descubrir.

Lidia Vicente



CONSTRUÇÕES BLANCO

**Traballos de
Albanería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construcoesblanco.com
facebook.com/construcoesblanco/

A LENDA

-Que van facer connosco?

Ningún dos outros ocupantes humanos da corte se apresura a responder. Tampouco se espera. No ambiente aínda se respira o arrecendo da vaca que acaban de sacar para que non se lle corte o leite se os novos ocupantes, contra a indicación dos seus raptos, dan en berrar. Sentados sobre o estrume maduro, de mans atadas ás costas, non lles queda senón a tortura de esperar. **Esperar o peor, pois o mundo entoleceu en xullo e para quen non liscara ou se agochara rápido abondo, chegara a hora do holocausto. O alcalde xa foi sentenciado a morte na capital e a eles non pode agardarlles nada mellor, detidos como foran por partidas de falanxistas, por moito que alá fóra estivese a celebralo tamén algún tricornio.** Alá fóra xa se senten os efectos do viño e o licor nos máis apresurados. Berros e aturuxos mesturados con algún viva España que en semellantes bocas conxela o sangue dos secuestrados.

A Isabel, a filla máis nova de don Sandro, sentira a burla dos camaradas do pai, e máis que nada a aquiescencia divertida deste. Por que tivera que ordenarlle a ela e non a un dos criados que sacase a vaca da corte e a levase ó palleiro? Non foi xusto, pois ela é unha señorita. Cando xa vai alá a primeira botella de licor e o pai pide outra, a Isabel di que vai acomodar ben a vaca. Xa hai homes fóra, que se xuntaran despois de mexar na viña e acabaran baixando botellas ó patio. Conta con público abondo. Entra onda vaca, colle unha presa de palla e dálle de comer. Despois colle outra presa, sae e enfila cara a corte. Nin sequera entra. Desde a porta, polas contras abertas, lanza o monllo de palla dicindo, case berrando: -Tomade e comed, que vai ser a vosa última cea. Acompaña a impiedade cunha gargallada que logo se contaxia ós bebedores.

Cos rostros cada vez máis tumefactos da captura e o recibimento, os tres homes sentados contra as pedras irregulares da parede cobren a indignación cunha capa de medo. A quen se lle diga, pensan, pero a quen llo vou dicir se me matan hoxe, se non chego a mañá. Hai alí tres homes sentados, mentres un cuarto, demasiado tranquilo ou demasiado estúpido, dorme. Aparentemente.

Pero non dormes, verdade? Pode que che atrapan descoitado, pode que che partiran a cara, pode que che ataran as mans ás costas, pero en todo caso non che venceron. Mentres os compañeiros se enzoufaban na esperanza, nin por un momento pensaches que a noite tería outro final. Cando calculas que non te ven desde fóra, abres os ollos o suficiente para asegurarte de que podes alcanzar esa media ferradura de boi aguzada polo óxido que alguén esqueceu nunha irregularidade da parede. -Carallo, que xenio ten a rapariga! -berra un que non pousa a escopeta, antes de dar unha fonda calada ó pitillo. As cousas sucédense moi rápidas. Alguén fala de levarvos de paseo e empezan os movementos. Abren a corte e



obríganvos a erguevos como podedes. Cando vos sacan, apostas todo a un movemento. Tes a ferradura na man cando vos meten dous e dous en senllos coches, un vello taxi expropiado na vila e o Hispano-Suiza do Sandro no que che forzan a entrar xunto co de Celanova, o mesmo que fixo a pregunta retórica. Nos cinco quilómetros que conducen á ponte de Castrelo, apenas consegues debilitar as cordas.

Por moito que vos retorzades, por máis que berredes, conseguen botarvos por fóra da varanda. Os tres compañeiros xa están alá abaixo, esnaquizados contra as penedas que o río descubre na estiaxe. Un dos matóns, o Canella, empúxate coa culata da escopeta. Nun último esforzo consegués liberar as mans e agarras o pasamans coa intención de impulsarte ata a auga fonda. Ti nadas ben. Hai unha posibilidade. Novamente, o falanxista quere empuxarche abaixo coa arma, pero ti estás aferrado buscando a postura axeitada e esquivas o golpe. O matón enfádase. De súpeto, colle da man dun dos camaradas un machete, érgueo e déixao caer sobre a túa man esquerda. A arma estrélase contra a varanda, tallando polo camiño parte dos teus dedos. A dor fai que te soltes e caias.

Hai fondo onde tocas a auga e esfórzaste por chegar á superficie cunha man. Oes disparos mesturados con berros ofendidos e bébedos mentres nadas a medias e a medias agarras da ferida para conter a hemorraxia. Consegues fuxir a unha república caribeña e alí prosperas, ata que o país se volve un lugar inhóspito para o exilio nos anos cincuenta, así que vas preparando o traslado a México.

Non vas directamente. Antes queres arranxar contas, sen importar o risco. O Canella vive agora con tranquilidade á sombra de don Sandro. Sáeslle ó camiño cando volve do café non de todo dereito. Ó principio, pensa que é un atraco. Déixalo ameazar e tentar razoalo contigo alternativamente mentres o atas de mans e o guías a punta de pistola cara ó palleiro. As bravatas e lérias rematan cando lle amosas os dedos cortados e ve a corda pendurada da trabe. Mentres patexa no ar, miras a esquerda incompleta e lembras o machete baixando sen aviso. Despois, camiñas polo monte ata a vila onde deixaches o coche alugado en Vigo e volves con tempo para coller o cruceiro Guadalupe con destino a Veracruz. A versión oficial é suicidio. A historia convértese nunha lenda popular.

Henrique Álvarez

Novas do mar

Xesús Mato

No anterior número da revista dei conta das actividades realizadas pola **Terra de Outes** relacionadas co patrimonio marítimo no primeiro semestre de 2019; a seguir, describo as desenvolvidas ata agora:

Participación no **XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza** que se celebrou na Guarda. Coma nos dous anteriores encontros, levámo-la Támara e o **Langaño** despois de darlles unha boa man de pintura, como facemos cada ano, para luciren como é debido no acontecemento bianual máis importante que se fai en Galiza para a exaltación do patrimonio marítimo e fluvial.

Máis dunha ducia de socios/as da Terra de Outes estiveron neste encontro, e acompañáronnos tamén Juan e Oti, unha parella de Torrevieja, amiga da Terra Outes dende que entramos en contacto con ela na Clásica de Vela do Mar Menor o ano pasado.

As navegacións polas augas abertas do Atlántico foron de moita dificultade nalgũa das saídas previstas, debido ó forte mar de fondo ou ós ventos demasiado intensos para as embarcacións de menor tamaño como son as nosas. Malia estas circunstancias, cumpriuse en case a súa totalidade coas navegacións do programa.

Este encontro merece a cualificación de excelente por varios aspectos que vou destacar, aínda que non só por estes:

Primeiro, a disposición das atracadas na enseada que conforma o porto natural: **tres ringleiras ben dereitas, e perfectamente espazadas, de embarcacións dispostas neste anfiteatro enriba dun espello de auga proporcionaban unha fermosísima estampa que mudaba de cores segundo a hora e o día, e que ademais era posíbel que observasen dende o paseo marítimo as persoas visitantes (ver foto 1).**



Foto 1. XIV Encontro de A Guarda.

Segundo, a excelente organización: nada máis chegar cos barcos aparece unha chea de xente voluntaria que os saca do remolque e que os bota ó mar sen sufrimento nin molla-lo carro, acompañánnos a garda-lo remolque, proporcionánnos toda a información que precisamos, póñense á nosa disposición para calquera cousa que necesitemos. O acceso ós fondeos era por chalaneo, non tiñas máis que te asomar á rampla da atracada para que aparecese inmediatamente unha lancha para te levar ó teu barco. Solicitamos un remolque prestado para o regreso e un día antes da data xa tiñamos dous á nosa disposición para que escollésemos un deles etc. etc.

Terceiro, o conxunto das embarcacións de maior porte que fixeron a travesía de Ferrol á Guarda tras recalar en Muros e nas Cíes foi escoltado polo buque de salvamento Sebastián Ocampo. Un dos nosos socios participou a bordo do galeón RH1 da asociación A Oestreira de Abelleira. As fotos do conxunto ó seu paso polas Illas Atlánticas emocionan.

Podedes atopar excelentes fotos do encontro na páxina www.culturmar.org, na sección Transparencia, na cal está a *Memoria do XIV encontro* e onde hai ademais unha completísima información.

Uns días antes do encontro realizouse a última edición de **Muros Mira ó Mar**, que nesta ocasión non puido traer case barcos precisamente pola

proximidade no tempo co encontro, e pola implicación de Mar de Muros na organización do conxunto á Guarda. A Támara e o **Langaño** non faltaron de tódolos xeitos á cita e acompañaron na súa chegada a Muros os barcos procedentes de Ferrol que recalaron na vila para continuaren despois cara á Guarda.

I Subida ó Tambre. A vela e a remo subimos ata a central eléctrica dende O Freixo, coa Donas, a Támara e o Langaño (ver foto 2). Tamén se uniron os de Mar de Muros coa súa buceta do mesmo nome; en total 21 participantes entre socios/as das asociacións e persoas convidadas, excelente experiencia que haberá que repetir.



Foto 2. Subida ao río Tambre.

VI Clásica do Mar Menor, enmarcada este ano na conmemoración do **V Centenario da I Volta ó Mundo**. **Este ano levamos un barco máis ca o ano pasado, a Támara e o Langaño, que navegaron gustosos polas augas do mar Menor impulsados con forza polo levante (foto 3).** Estendereime sobre esta actividade no próximo número, de momento podedes ir vendo este vídeo: <https://vimeo.com/360998947>

Colaboración cunha iniciativa do Concello de nome **Vivindo o Marisqueo**, que ten carácter de promoción turística, onde se achegará ás persoas visitantes as faenas de extracción do marisco na Misela, visualización dende o náutico, visita á lonxa, degustación etc. A nosa colaboración consistiu en decorar unha das salas de observación do náutico con parte das fotos da exposición *Outear*, de Manuela Campos, e cunha selección de fotos do encontro do Freixo.

Finalmente só citarei o nome da última actividade, que se acaba de realizar no Son: **Xornadas de Promoción do Patrimonio Marítimo Tradicional**, e deixarei para o próximo número algún comentario ó respecto.

Foto 3. Clásica do Mar Menor. Cartaxena.



Programa preliminar das XIV Xornadas de Información Sociosanitaria de Outes: Outubro 2019-Maio 2020

Xosé M.^a Dios Diz

No día 31 de outubro de 2019, ás 18:30 e no centro social de Outes, daremos comezo ás XIV XORNADAS DE INFORMACIÓN SOCIOSANITARIA DE OUTES 2019-2020. Realizarémo-la conferencia-coloquio número 105 dende que comezámo-las charlas, hai 24 anos.

Empezan no xoves día 31/10/2019, coa inauguración das xornadas. O relator será o Dr. Miguel Vázquez Vázquez, presidente da Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía, e a conferencia leva por título "O envellecemento e a calidade de vida".

Continuamos no xoves 28/11/2019, co Dr. Miguel Ángel Martínez Olmos, xefe da sección de Endocrinoloxía-área de Nutrición do CHUS. A conferencia: "Diabetes".

No día 19/12/2019, o Dr. Antonio Pose Reino, xefe de servizo de Medicina Interna do CHUS, falará de "Factores de risco cardiovascular".

No día 23/01/2020, o Dr. Federico Martín Torres, xefe de Pediatría do CHUS, falará sobre "Enfermidades pediátricas máis frecuentes. Como previlas".

No día 27/02/2020, o Dr. Pablo Martínez Gómez, psiquiatra do Servizo de Atención Primaria de Noia, falará da "Síndrome ansioso-depresiva".

No xoves día 26/03/2020, o Dr. Francisco Blanco García, especialista de Reumatoloxía do CHUAC (A Coruña), falará sobre "Reumatismo e calidade de vida".

Xoves 30/04/2020 o Dr. Santiago Tomé Martínez de Rituerto, experto da Unidade de Hepatoloxía e Transplante Hepático do CHUS, falará sobre "Enfermidades hepáticas máis frecuentes".

E xoves día 28/05/2020 farémo-la clausura das xornadas. O Dr. Hugo Vázquez Veiga, xefe de servizo de Dermatoloxía do CHUS, falará sobre "Cancro de pel e outras lesións dérmicas importantes".

As conferencias-coloquio contan co(a)s seguintes colaborador@s: a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, o Concello de Outes, o centro de saúde, Adisbismur (Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros), a Asociación Cultural Terra de Outes, e a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.

Coordinador das XIV XORNADAS DE INFORMACIÓN SOCIO-SANITARIA DE OUTES: o Dr. Xosé M.^a Dios Diz, médico especialista de atención primaria do concello de Outes.

RELATO

O SUICIDIO (Aproximación a un sonho)

Estou fóra...

Soben escaleiras, abrindo paso entre as rochas. Son rochas e escaleiras escarpadas, sólidas e milenarias. Ó final das escaleiras vexo un arco moi profundo, cuxo interior está moi escuro.

Miro dentro...

Vexo portas, portas de forma, tamaño e cor distintos, moitas portas, relacionadas entre si dalgunha maneira que non comprendo.

Estou dentro...

Alguén sobe as escaleiras entre as rochas. Oio pasos irregulares. Alguén chama na negrura do van ó final da escaleira. Aínda que non alcanzo a ver ninguén, óese unha voz con múltiples timbres e ecos: «Don Xosé! Don Xosé!» Ábrense non sei cantas portas e aparecen outras tantas... persoas?... Realmente son garabatos, trazos, acenos, sombras que inquiren ó mesmo tempo: «Si?» E a voz responde: «Unha señora agarda por vostede aquí mesmo.» «Ola, don Xosé», di a señora. E soa un disparo.

Estou fóra de novo...

Contemplo as escaleiras entre as rochas. Pero, ben visto, non son nin escaleiras nin rochas, senón o rostro dun home tallado na pedra, endurecido e seco polo xesto da morte.

Eloy Hervella

Xoga á Lotería do Nadal con **Terra de Outes**

Adquire a túa participación do número

02.116

Na **Serra** en Café-Bar *Tines*, Quiosco *Vicente*,
Restaurante *Areal*, Librería *Poeta Añón*
e Librería *Pimpiniño*;
e en **Noia** na Perruquería *Emain*
e no Kiosko *Maruxa*.

Perda da memoria, deterioración cognitiva, demencia, enfermidade de Alzheimer... dignidade da persoa maior

Xosé M.^a Dios Diz

"A dignidade non consiste en ter honores, senón en merecelos." (Aristóteles)

A perda da memoria ou amnesia é o esquecemento inusual. A persoa non é capaz de recordar feitos novos ou acceder a un ou máis records do pasado, ou ámbalas cousas. Pódese presentar por un curto tempo e logo resolverse. Ou pode non desaparecer e, dependendo da causa, pode empeorar co paso do tempo. O envellecemento normal pode causar algo de esquecemento. É normal ter algunha dificultade para aprender cousas novas ou necesitar máis tempo para recordalas. Pero o envellecemento normal non conduce a unha perda drástica da memoria. Tal perda de memoria débese a outras enfermidades.

A deterioración cognitiva leve é un estadio intermedio entre a deterioración cognitiva esperada debida ó envellecemento normal e a deterioración máis grave da demencia. Pode implicar problemas coa memoria, a linguaxe, o pensamento e o xuízo, que son máis significativos ca os cambios normais relacionados co envellecemento. Cunha deterioración cognitiva leve, podes notar que a túa memoria ou as túas funcións mentais se reducen. A túa familia e amizades próximas tamén poderán notar un cambio. Non obstante, estes cambios non son tan graves como para que interfiran significativamente na túa vida diaria e nas actividades habituais. É posíbel que a deterioración cognitiva leve aumente o risco de padecer demencia no futuro, causada pola enfermidade de Alzheimer ou outro trastorno neurolóxico.

A demencia é unha síndrome clínica pluripatolóxica, caracterizada pola deterioración intelectual respecto a un nivel previo. A evolución é de tipo crónico. A persoa terá afectadas as capacidades funcionais suficientemente para interferir nas súas actividades da vida diaria. A perda da memoria pode ser un signo de demencia. A demencia tamén afecta o pensamento, a linguaxe, a capacidade de discernimento e a conduta.

A enfermidade de Alzheimer pódese definir polas 3 fases.

Primeira fase do alzhéimer (fase leve), alzhéimer inicial: ten unha duración aproximada de 3 anos e obsérvase unha paulatina

deterioración da memoria episódica, especialmente. A persoa esquece eventos recentes: non importa que foran pasados 10, 15 ou 20 minutos dun feito determinado. Pode non recordar que xa comeu ou esquece-la conversación que tivo con seu fillo minutos antes. Vólvese menos activa e motivada, pode presentar cambios do humor, incluíndo depresión ou ansiedade. Nalgunha ocasión pode reaccionar de forma agresiva.



Carrabouxo. Xornal La Región. Ourense.

Na segunda fase (fase moderada), tódolos aspectos da memoria empezan progresivamente a fallar. Este estadio ten unha duración aproximada de 3 anos, e prodúcense importantes alteracións da función cerebral con aparición de síntomas máis preocupantes e que chaman máis a atención. Comezan a xurdir problemas de linguaxe (afasia), funcións aprendidas (apraxia) e recoñecemento (agnosia). Pode mostrar un comportamento desapropiado na casa ou na veciñanza (desinhibición ou agresividade).

Na terceira e última etapa (fase grave), preséntase unha ampla e marcada afectación de todas e cada unha das facultades intelectuais. Os síntomas cerebrais agrávanse, acentuándose a rixidez muscular, así como a resistencia ó cambio postural.

Poden aparecer tremores e crises epilépticas. Non recoñece a súa familia e incluso pode non recoñecer-lo seu propio rostro no espello. A personalidade que sempre acompañou a persoa cambia en gran medida. Móstrase profundamente apática, perdendo as capacidades automáticas adquiridas como a de lavarse, vestirse, andar ou comer, e presenta unha certa perda de resposta á dor. Máis adiante, terá incontinencia urinaria e fecal. Na maioría dos casos a persoa termina encamada, con alimentación asistida. Presenta cambios no comportamento, pode incluso agredir a persoa coidadora e mostrar axitación verbal e non verbal (patexar, golpear, xemer ou gritar). É incapaz de se situar no domicilio ou na residencia.

Segundo o *Diccionario da Real Academia Galega*, entre outras acepcións de *dignidade*, aplicada a un individuo ou a un colectivo, fálase de “Seriedade, decoro e nobreza na maneira de ser e de comportarse.” O diccionario de María Moliner di “Aplicase ó que obra, que fala, que se comporta etc. de maneira que merece o respecto e a estimación dos demais e de si mesmo. Autoestima”.

Xa Kant e a Ilustración falaban de que “todos somos dignos”. En 1984 a Declaración Universal dos Dereitos Humanos sinala que “tódolos seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. Di que “todos somos dignos, independentemente da nosa raza, idade, sexo, saúde ou calquera outro elemento diferenciador”. O artigo 1 da Constitución do Estado español equipara dignidade e igualdade, considérasea un dereito e exclúe de forma explícita calquera forma de discriminación.

As Nacións Unidas falan da “necesidade de asumilo mandato de que o envellecemento activo é a actitude máis positiva no intento de manter unha vellez digna”.


A dignidade do individuo mantense toda a vida. Nin as limitacións físicas e psicolóxicas que acompañan o proceso de envellecemento, nin as diversas formas de agresións ás cales pode verse sometida unha persoa deste colectivo de máis idade, constitúen argumentos suficientes para unha perda da dignidade.



Cando se fala, dende o punto de vista economicista, de que @s pensionistas consomen moitos recursos económicos, non se pensa en que esas persoas estiveron pagando durante toda a súa vida laboral, para que cando chegue a súa xubilación poidan desfrutar de tódalas prestacións ás cales teñen dereito. Non podemos pensar que sexa unha carga “chegar a vello”. Ten que ser todo o contrario. Un país como a Galiza, que ten o índice de maiores de 65 anos máis alto da Europa, non pode ser algo negativo. **Tódalas persoas queremos chegar a vellas, todo o mundo queremos ter dignidade no noso proceso de envellecer... e quen nos rodea e as institucións teñen a obriga de concedérmolo.**

Temos que facer que cambie a idea xeneralizada (e a das persoas con responsabilidades políticas) para considera-las persoas vellas como un valor en si mesmo e non como unha carga para a sociedade. De nós depende.

“Calquera home ou institución que trate de me quita-la miña dignidade fracasará.” (Nelson Mandela)



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. **981 82 42 60**

NOIA

A Copa Ría de Muros

Mingucho Campos



Mingucho Campos intervindo durante a presentación do libro *O fútbol na Ría de Muros e Noia. 1968-1971* no Coliseo Noela de Noia.

No ano 1968 disputouse a I Copa entre os equipos Esteiro Fútbol Club, Club Sporting de Muros, Club Atlético Portugalete, Club Raio de Muros, Club Unión Deportiva Atalaia Campo de Cortes, Club Valantes de Baño, Lira Club de fútbol e Club Rápido da Virxe. Aquel torneo futbolero despertou unha grande expectación en toda a contorna. A iniciativa partiu dun grupo de mozos afeccionados a esta modalidade deportiva que acordaron 23 normas para o desenvolvemento da súa primeira edición. En total foron 19 os clubs participantes nas tres copas de 1968-1969, na que se xogou en forma de liga no ano 1970, e na terceira de 1971.

Co fin de retoma-la memoria dos protagonistas daqueles catro torneos e de tódolos afeccionados deste deporte constituíuse unha comisión composta por Domingo Campos Alborés, Manuel Abeijón Vara, Nicolás Torea Tobío, Juan Jesús Gestal Otero, Diego Mayo Mayo, Antonio Antelo Blanco e José Riomas Rey, que foron deseñando e consensuando as distintas actividades por realizar. Estas actividades baséanse principalmente na realización de encontros itinerantes cos clubs que se federaron e constituíron en entidades legalmente recoñecidas, ó abeiro daquel movemento escomezado en 1968, e na compilación de todo o material posíbel referido ás copas e liga Ría de Muros, co fin de facer exposicións itinerantes polos concellos de Noia, Outes, Muros e Carnota e poder compendia-lo material recoleito nunha publicación sobre o fútbol na ría de Muros e Noia nos anos comprendidos entre 1968 e 1971.

A primeira actividade que se realizou foi un encontro 3x1 no día 19 de agosto de 2018 no campo José Luis Vara de Esteiro, entre os equipos Outes Fútbol Club, o Club Deportivo Muros e maila

Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva Esteirana. A este encontro convidouse tódolos antigos xogadores con quen se puido contactar e os alcaldes e alcaldesas dos catro concellos. O trofeo que se lle entregou ó equipo vencedor foi doado polo membro da comisión Antonio Antelo Blanco. É preciso salientar que aquel período de catro anos supuxo unha verdadeira revolución sociocultural en toda a contorna da ría de Muros e Noia e un primeiro mais firme paso adiante que propiciou a construción de todo o tipo de instalacións deportivas inexistentes daquela. Tan só Noia contaba con campo de fútbol. Os máis eran campos improvisados e nalgún concello había que esperar a que devalase o mar para poder inicia-la competición. En Esteiro, por exemplo, xogábanse os partidos no areal do Artón e en Outes algúns xogadores puxeron cartos para poderen prepara-lo campo do Bosque. Velaí unha proba máis ca evidente da coraxe daqueles mozos e a afección que levaban no propio sangue que corría polas súas veas.

De Outes tres foron os equipos que participaron na Ría de Muros de fútbol: o **Club de Fútbol Outes**, o **Club de Fútbol Tambre** e o **Tines Deportivo Club de Fútbol**. O Outes participou na liga de 1970 e na III Copa de 1971, mentres que o Tambre tan só o fixo na liga, e o Tines na Copa de 1971. Por aquelas datas era frecuente que os xogadores trocasen a miúdo de club e xogasen en distintos equipos algunhas destas competicións. Edelmiro Fernández Alborés, Jesús Romero Lorenzo, Domingo Ruibal Molinos, José Manuel Ulloa Roo, José Manuel Martínez Brión, Francisco Calo Outón e José Ramón Turnes Romero son algúns destes casos, entre outros que tamén se poderían citar.



De esquerda a dereita: Nicolás Torea, Manuel Abeijón (Manolo Ferrolán) e José Rioma (Xúa), da comisión organizadora; Rafael Louzán, Presidente da Federación Galega de Fútbol; Beatriz Molinos, entón alcaldesa de Outes; Santiago Freire, alcalde de Noia, e M^a Xosé Alfonso, entón alcaldesa de Muros.

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Nun ateigado Coliseo Noela de Noia e en presenza do alcalde de Noia, Santiago Freire; do presidente da Real Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán; da alcaldesa de Outes, **Beatriz Molinos**; e da alcaldesa de Muros, **María Xosé Alfonso**, entre outras autoridades, no día 1 de marzo de 2019 procedeuse a face-la presentación do libro que leva por título *O FÚTBOL NA RÍA DE MUROS E NOIA. 1968-1971*, que consta de 270 páxinas, con profusión de ilustracións, editado polo Concello de Noia e do cal son autores os membros da comisión. Intervíñeron na presentación Domingo Ramón Campos, o escritor **Héctor Manuel Pose Porto**, Diego Mayo, as alcaldesas de Muros e Outes, o presidente da Real Federación Galega de Fútbol, e pechou o acto o alcalde de Noia coa súa intervención. Ó remate, e antes das tapas con que as persoas asistentes foron agasalladas polo Concello de Noia, todas puideron recoller de xeito totalmente gratuíto un exemplar. Os que sobraron foron logo repartidos entre os catro concellos que axudaron ó seu financiamento. Cómpre salientar que a edición dos 1000 exemplares, deseñados e maquetados por Grafinioia S.L., foron financiados polos concellos de Noia, Outes, Muros e Carnota, pola Consellería da Cultura e Turismo da Xunta e polas confrarías de pescadores de Noia e Muros.



De esquerda a dereita: José Rioma e Antonio Antelo (Antonio de Banedita), antigos xogadores da Copa da Costa; Moncho Senra (presidente do antigo Campo de Noia CF); Pepe Ulloa, tamén antigo xogador; Javier Cao, presidente do Outes FC e Mingucho Campos, da comisión organizadora.

A CELEBRACIÓN DOS 50 ANOS DA SEGUNDA COPA EN OUTES

No día 1 de setembro pasado xogouse un triangular no campo do Cunchido da Serra entre os equipos Lira, Esteirana e Outes. A xornada comezou con partidos de xogadores das categorías inferiores do Outes que se están formando nesta modalidade deportiva e que deron paso á celebración do torneo triangular. Foi un evento aberto ó público, ó cal estaban invitados os alcaldes e alcaldesas dos catro concellos e o presidente da Real Federación Galega de Fútbol, quen por motivos de índole persoal non puido asistir, pero que delegou no vicepresidente, Juan Villamazar e na vogal, Silvia Cancela. **Ó remate da metade do triangular os xogadores dos tres equipos fixeron un alto na competición para gardar un minuto de silencio, acompañados dos veteranos presentes, por aqueles xogadores veteranos que xa non están entre nós e en lembranza dos fieis e apaixonados afeccionados que xa nos deixaron para sempre.** Ó remate dos encontros fíxoselles entrega dos tres trofeos correspondentes ós capitáns das tres formacións en recordo desta celebración. E despois o tradicional ágape nas propias instalacións do club.



De esquerda a dereita: Daniel Rodríguez, Concelleiro de Deportes de Outes, Antonio Antelo, Domingo Campos, Manuel Abeijón (presidente da Esteirana CF) e José Rioma, membros da comisión organizadora.

É de xustiza recoñece-la desinteresada colaboración e a axuda prestada pola Xunta Directiva do Outes, que en todo o momento estivo presta á axuda e mesmo correu cos gastos da cartellaría e co seu repartimento.

Tamén se fai necesario recoñecer que o fútbol en Outes vén de antigo. Denantes da existencia dos campos do Cunchido e do Bosque xa existiu outro no Areal en que se xogaban partidos que facían as delicias do público afeccionado, que lle proporcionaban o esquecemento das coitas cotiás e lles producían un solaz necesario naqueles tempos de traballos arreo. Se moitos foron os que participaron no acondicionamento destes terreos cómpre salientar unha persoa incansábel, un verdadeiro animador sociocultural, naqueles máis ca difíciles tempos en Outes: **O DOUTOR MANUEL ESPERANTE.**

A todos, o noso máis profundo recoñecemento e AS MOITAS GRAZAS que nunca falten.

Añón, secretario dun lord inglés (I)

Ramón Blanco

"Indecisa se quede, y en pendencia, / a cual de las naciones que he corrido / se debe en este punto preferencia. / La Italia preferí cuando he vivido / allí; luego la España, y Francia luego, / y, a verdad, fui bien correspondido. / De Inglaterra y de inglesas yo reniego..." (Manuel Pardo de Andrade)


Non se deixen enganar pola súa fasquía: tras a pinta de pailán arroutado de Boris Johnson agóchase unha alma sublime, moldeada en Eton e Oxford, capaz de falar fluidamente en español, francés, italiano, alemán, latín e grego (ademais de veranear en Grecia, estudou historia clásica na universidade). No pasado setembro levou un bo pau das institucións británicas: comezaba o mes coa aprobación dunha lei na Cámara dos Lords de Reino Unido (cámara alta), co visto e prace da Cámara dos Comúns (cámara baixa), que cortaba a estratexia do primeiro ministro para deixar a Unión Europea o 31 de outubro (con acordo ou sen el), co cal estaría obrigado a pedir unha nova prórroga do Brexit até o 31 de xaneiro se non houbese avinza sobre as condicións de saída. Como nunha traxedia clásica, o propio irmán do líder, farto de debaterse entre a política e a familia, dimitiu dos cargos de secretario de Estado e de deputado (pois no referendo de 2016 votara pola permanencia na UE), mentres Boris resistía, a clamar que prefería estar morto nunha gabiá ("I'd rather be dead in a ditch") antes que pedir outro adiamento. Tamén foi rexeitada a moción de Johnson para convocar eleccións anticipadas para o 15 de outubro (días antes da reunión prevista do Consello Europeo en Bruxelas). E aínda por riba, non acabara o mes de setembro cando a outra gran xogada do arteiro gobernante, a decisión de suspender o Parlamento durante cinco semanas, foi declarada ilegal polo Tribunal Supremo do Reino Unido.

Esta "Escena de Inquisición" pintouna Goya pouco antes que Pardo de Andrade escribise o seu libelo. Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

Neste incerto contexto, sobre a vella Albión ('Αλβίων, en idiolecto johnsiano), teimando na perfidia, paira por veces unha sombra de ensimesmamento e xenofobia que contrasta coa súa realidade social e histórica. Esas terras do norte foron noutroas illas de salvación para os nosos transterrados, a miúdo forzosos, maiormente xornalistas e políticos (profesións, por certo, que marcaron o decorrer vital de Boris Johnson, o do cabelo dourado) e isto é o que nos interesa para comezar esta nova entrega, na que, por agora falaremos dun pioneiro do xornalismo galego, Manuel Pardo de Andrade (1760-1832), crego e fidalgo (naceu no pazo de Xaz, en Oleiros) de tendencia liberal, cuxa figura ten paralelismos coa de Francisco Añón.

Pardo de Andrade fundou o primeiro xornal (isto é, diario) de Galicia: *Diario de La Coruña* (1808). Cando Fernando VII derroga a Constitución e restaura a monarquía absoluta, en 1814, o xornalista coruñés, evitando a morte na forca, embarca cara a Inglaterra e pouco despois recala en París, como tantos fuxitivos do terror fernandino. Non poderá regresar até 1820, cando o Trienio Constitucional volve garantir as liberdades básicas. No entanto, logo vén un segundo período de represión, en 1823, aínda peor ca o anterior, polo que Pardo de Andrade terá que volver exiliarse, agora xa definitivamente. Tamén desta segunda vez o primeiro destino fora Inglaterra, onde chega en xullo de 1823, e dalí diríxese a Bruxelas en outubro. Ao non conseguir un pasaporte do novo goberno, refuxiarase na Alemaña, outra vez en Inglaterra e unha vez máis en Bélxica, até que en 1825 consegue chegar a París, onde permanecerá até a fin dos seus días.

Colaborador do *Diario de Madrid* e amigo de Jovellanos e Moratín, mesmo tratou na Coruña (en 1793) ao inglés Robert Southey, un dos "Lake



Robert Southey. National Portrait Gallery, Londres. Foto: Stephenkicson.

Poets" (compañeiro de Wordsworth e Coleridge), quen definiu ao galego como "poet and philosopher" (Sir Francis Chantrey esculpiu un busto de Southey en 1832, o ano no que morre Manuel Pardo de Andrade). **Na literatura galega é recoñecido por ser autor (anónimo) dunha das primeiras obras no noso idioma: *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abri-lles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*** ("Coruña: á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. En la caja tipográfica del Diario", 1813). A obra coñecerá sucesivas edicións, miles de exemplares, mesmo en Cádiz e en Madrid, chegando á sétima, en 1841 (na Coruña, co título lixeiramente modificado: *Rogos de un escolar gallego a Virxé do Bo Acerto para que libre a terra da Inquisición*), contemporánea á época universitaria de Añón. Esta composición debeu ser redactada en 1812 (ano de nacemento do noso poeta), en pleno debate sobre a Inquisición, que finalmente será abolida nas Cortes o 5 de xaneiro de 1813. Disque o propio autor lía os seus parrafeos nas tabernas compostelás, cando os paisanos viñan á feira dos xoves: "Miña virxe, vos que sodes / madre de consolacion, / libradenos dos nubesos / da maldita Inquisición". O arcebispo de Santiago prohibiu o texto o 29 de maio de 1813, anticipándose á censura da Inquisición en 1815, tras reconstituírse. O crego liberal puxo os versos en boca dun galego, establecido en Londres, aínda que noutro lugar (os versos que usamos como cita) renega de Inglaterra e de inglesas. Home, e logo!, non todo o mundo vai ser como Boris Johnson.

